

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO
DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2023.**

Ás 10.00 horas do día 29 de setembro de 2023, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: don Luis Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luis Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don José Ignacio Gómez Pérez

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Armando Ojea Bouzo

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do BNG don Xosé Manuel Puga González.

O deputado de DO Gonzalo Pérez Jácome abandonou o salón de plenos durante o debate do punto 8º da orde do día, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos, e xa non regresou.

Antes de entrar na orde do día, a Corporación, por acordo unánime de todos/as os/as presentes, acorda gardar dun minuto de silencio polas mulleres asasinadas, xa que os datos deste ano son moi malos, e en especial este mes de setembro, no que levan morto xa nove mulleres a mans das súas parellas ou exparellas.

Tamén por acordo unánime e dado que estamos na semana internacional das persoas xordas desde a Deputación queren celebrar esta semana e darlles os parabéns e que sigan co bo labor que están desenvolvendo.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 3 DE AGOSTO DE 2023.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á extraordinaria do día 3 de agosto de 2023.

Non se producen intervencións e, por maioría, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 3 de agosto de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- REGULAMENTO DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN (SII) E DO PROCEDIMENTO DE XESTIÓN DAS COMUNICACIÓNS RECIBIDAS NA CANLE RESPONSABLE, PREVISTOS NA LEI 2/2023, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DOS SEUS ORGANISMOS DEPENDENTES E ADSCRITOS (INORDE E CAV).

O Sr. presidente anuncia que este punto se debaterá conxuntamente co seguinte punto da orde do día e cédelle a palabra ao señor secretario para que expoña o contido dos mencionados puntos.

O Sr. secretario dá conta do ditame da comisión informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias en canto a este punto segundo. Dá conta tamén, en canto ao punto terceiro, do ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Toma a palabra para sinalar que o seu grupo votará a favor dos puntos dous e tres da orde do día. Destaca a importancia da colaboración que se lles presta aos concellos no punto terceiro, xa que contribúe a salvagardar dereitos das persoas, a loita contra a corrupción e diminúe a fenda dixital do noso rural.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Como xa anunciou o seu grupo nas comisións informativas apoiarán esta proposta da Presidencia, xa que se trate dunha cuestión técnica para dar cumprimento a unha obriga legal e que emana de disposicións da U.E. Respecto ao punto tres destaca que a Deputación ten a obriga de apoiar aos concellos de menos de 20.000 habitantes e coa posta a disposición deste software cúmprese coa dita obriga, especialmente relevante para caso de concellos pequenos e con poucos medios.
- 1ª intervención Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para manifestar que ao tratarse dunha cuestión puramente técnica o seu grupo vai apoiar ámbalas dúas propostas.
- 1ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): Fai uso da súa quenda para indicar que estamos ante un trámite ordinario e necesario para cumprir co mandato legal no caso do primeiro dos dous puntos, e no caso do segundo, unha mostra máis da cooperación desta Deputación provincial cos concellos de menos de vinte mil habitantes.

O contido íntegro das intervencións antes transcritas recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver puntos 2º e 3º](#)

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Regulamento do Sistema Interno de Información (SII) e do procedemento de xestión das comunicacións recibidas na Canle Responsable, previstos na Lei 2/2023, da Deputación Provincial de Ourense e dos seus organismos dependentes e adscritos (INORDE E CAV), co seguinte contido:

REGUMENTO DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN (SII) E DO PROCEDIMENTO DE XESTIÓN DAS COMUNICACIÓNS RECIBIDAS NA CANLE RESPONSABLE, PREVISTOS NA LEI 2/2023, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DOS SEUS ORGANISMOS DEPENDENTES E ADSCRITOS (INORDE E CAV).

1. PREÁMBULO.

A Lei 2/2023, do 20 de febreiro de 2023, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (en adiante, a Lei 2/2023) establece a obriga para todas as administracións públicas de implantar un Sistema Interno de Información (en adiante, SII).

O SII da Deputación de Ourense terá como peza central a canle interna de comunicación denominada Canle Responsable, que se axusta, tanto nas súas características como na súa xestión, ao previsto na Lei 2/2023 e é unha canle preferente para informar, de maneira persoal ou anónima, sobre a comisión de ilícitos penais ou administrativos contra o ordenamento español ou certas infraccións do dereito europeo (art.4.1 Lei 2/2023), podendo recibir tamén “outras comunicacións ou informacións” (art. 7.4 Lei 2/2023).

Así mesmo, é vontade da Deputación de Ourense que o órgano denominado COMITÉ RESPONSABLE DO SII, sexa tamén o órgano colexiado responsable do SII (art. 8.3 Lei 2/2023), que desenvolverá as súas funcións de forma independente e autónoma respecto do resto dos órganos e das entidades integrantes ou dependentes da Deputación de Ourense (art. 8.4 Lei 2/2023).

O art. 5.2 h) da Lei 2/2023, obriga a todos os suxeitos comprendidos no seu ámbito de aplicación a dispoñer dunha política ou estratexia que enuncie os principios xerais do seu SII e de defensa da persoa informante. Para cumprir este mandato legal, elaborouse o presente documento, no que se contén a política do SII da Deputación de Ourense.

En aplicación do previsto no artigo 14.2 da Lei 2/2023, o organismo autónomo provincial INORDE e o Consorcio de Augas de Valdeorras, adscrito á Deputación Provincial, comparten a adscrición ao SII da DPO, así como os recursos deste destinados á investigación e tramitación de informacións, sen prexuízo de que as respectivas canles aparezan diferenciadas para cada unha das entidades.

Para os efectos desta política, aplicanse os termos e definicións seguintes:

*- **Sistema interno de información (SII):** conxunto de elementos (canle/s interno/s, procedemento/s e órgano responsable) que permiten a unha persoa informante a presentación de comunicacións e garanten a súa tramitación coas debidas salvagardas.*

*- **Canle:** medio de entrada de comunicacións.*

*- **Persoa informante:** persoa lexitimada para comunicar a través do SII da Deputación de Ourense a información obtida no contexto das súas actividades laborais ou profesionais.*

*- **Comunicación:** transmisión, verbal ou por escrito, de información sobre infraccións, irregularidades, queixas, reclamacións, suxestións ou dúbidas interpretativas.*

*- **Infracción:** tipo de comunicación a través da cal a persoa informante pon de manifesto unha vulneración, real ou potencial (incluídas as sospeitas razoables e os intentos de ocultar tal infracción) do ordenamento xurídico español, o ordenamento europeo ou a normativa interna que se produciu, ou que moi probablemente poida producirse, na Deputación de Ourense ou nunha organización coa que a Deputación de Ourense está ou estivo relacionada.*

*- **Irregularidade:** conduta contraria ás boas prácticas, recomendacións e procedementos da organización.*

*- **Queixa:** tipo de comunicación a través da cal a persoa informante pon de manifesto a súa insatisfacción ou desacordo sobre algún aspecto da actividade da organización.*

- **Reclamación:** tipo de comunicación a través do cal a persoa informante esixe un dereito ou interese lexítimo supostamente vulnerado ou desatendido.

- **Suxestión:** tipo de comunicación a través da cal a persoa informante dá a súa opinión ou proposta de mellora sobre algún aspecto do funcionamento da organización.

- **Dúbida interpretativa:** tipo de comunicación a través da cal a persoa informante pregunta sobre a forma adecuada de entender unha norma, recomendación, procedemento ou protocolo de actuación.

- **Persoa afectada:** persoa física ou xurídica á que se faga referencia na comunicación, como aquela a quen se lle atribúen ou coa que se asocian os feitos comunicados.

- **Procedemento de xestión:** conxunto ordenado de actuacións para a tramitación e resolución, de forma segura, efectiva e confidencial, das comunicacións presentadas a través do SII da Deputación de Ourense.

- **Medidas de protección:** garantías establecidas pola lei e o SII orientadas a salvagardar a identidade das persoas que presenten comunicacións a través das canles internas do SII e evitar que poidan ser obxecto de represalias.

- **Medidas de apoio:** asistencia técnica e, se é o caso, apoio psicolóxico e financeiro que lles deben prestar as entidades públicas ás persoas que comuniquen ou revelen infraccións que afecten a intereses financeiros da Unión Europea, que entren no ámbito de aplicación dos actos enumerados no Anexo da Directiva (UE) 2019/1937, ou que incidan no mercado interior, así como as que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa, grave ou moi grave.

- **Comité responsable do SII da DPO:** órgano colegiado responsable do SII. As funcións deste órgano serán as que a Lei 2/2023 lle atribúe ao responsable do SII. A súa composición é a seguinte:

- **Presidente:** O Presidente da Deputación Provincial de Ourense, ou o/a vicepresidente que legalmente o substitúa.

- **Secretario:** O secretario xeral da Deputación, ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

- **Vogais:** A Interventora da Deputación, ou funcionario/a que legalmente a substitúa, o Tesoureiro da Deputación, ou funcionario/a que legalmente o substitúa e o Xefe do servizo de investimentos e patrimonio, ou funcionario/a que legalmente o substitúa, o secretario do INORDE, ou persoa que legalmente a substitúa e a secretaria do CAV, ou persoa que legalmente a substitúa.

Como órgano colegiado, seranlle de aplicación as previsións previstas na sección 3ª do capítulo II, do Título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

De conformidade co previsto no artigo 8 da Lei 2/2023, este órgano delega no seu membro, titular do posto da secretaría xeral da DPO, as facultades de xestión do Sistema Interno de Información e da tramitación de expedientes de investigación.

2. PRINCIPIOS XERAIS DO SII DA DPO E DOS SEUS ORGANISMOS DEPENDENTES E ADSCRITOS.

Compleitude.

O SII comprende e regula todos os medios de entrada de información da Deputación de Ourense a través dos que se poidan comunicar infraccións ou irregularidades en relación coas normas aplicables á organización e á súa actividade, sexan de dereito europeo, nacional ou internas. O SII dispón da seguinte canle específica para a presentación de tales comunicacións, con garantía de protección da persoa comunicante fronte calquera clase de represalias, nos termos establecidos pola Lei 2/2023: Canle Responsable.

Accesibilidade.

O acceso á Canle Responsable estará dispoñible e será facilmente identificable nunha sección separada, na páxina de inicio da web institucional, xunto coa información sobre o seu uso e sobre os principios e trámites do procedemento aprobados pola Deputación de Ourense para a xestión das comunicacións que se reciban a través dela. A presente política publicarase no seo da Deputación, debendo figurar, polo menos, un exemplar para que estea sempre ao dispor das persoas integrantes da organización ou vinculadas a ela.

Garantías de confidencialidade e de protección de datos persoais.

O SII protexe a confidencialidade da identidade da persoa informante e de calquera outra persoa mencionada na comunicación, das actuacións que se desenvolvan na súa xestión e tramitación e dos datos persoais que transiten por el, impedíndose o acceso a eles por persoal non autorizado.

Seguridade.

A Deputación de Ourense garante a integridade, a autenticidade e a xestión segura das comunicacións. O órgano responsable do SII levará un libro-rexistro coas comunicacións recibidas e as tramitacións internas e resolucións a que desen lugar, de forma que sexa posible trazar as xestións realizadas.

Protección do informante.

A Deputación de Ourense prohíbe represalias contra as persoas informantes de boa fe e á/ás testemuña/s e/ou outras persoas que as apoién. Calquera represalia ou intento de represalia deberá poñerse inmediateamente en coñecemento do órgano responsable do SII.

Anonimato.

O SII permite a comunicación anónima de información, o que facilita que as persoas informantes comuniquen infraccións e irregularidades que, doutra maneira, poderían non atreverse a comunicar por temor a represalias no caso de ser identificadas.

Seguridade xurídica.

Quen faga uso do SII poderán ter a certeza de que as súas comunicacións van ser tramitadas de acordo cos procedementos previamente aprobados e postos á súa disposición.

3. ELEMENTOS DO SISTEMA.

3.1. Persoa responsable do Sistema.

A Deputación de Ourense é a responsable da implantación do SII, para o que consultou coa representación legal das persoas traballadoras (Xunta de persoal e Comité de empresa).

Como responsable do SII nomeou a un órgano colexiado, denominado “Comité responsable do SII da DPO”, que delegou nunha das súas persoas membros (en diante, a “persoa xestora”) as facultades de xestión o SII e de tramitación das comunicacións recibidas, sexa por si mesma ou mediante órganos da organización establecidos para o efecto.

O órgano responsable do SII examina e resolve os expedientes cuxo coñecemento lle compete con plena autonomía de decisión e conforme co disposto na súa norma de funcionamento interno e na normativa que regula o procedemento para tramitar as comunicacións recibidas a través de Canle Responsable.

3.2. Canles da organización.

A Deputación de Ourense conta coas seguintes canles:

- *Canle Responsable, ferramenta en liña propiedade da empresa externa Marca Franca que se axusta, tanto nas súas características como na súa xestión, ao previsto na Lei 2/2023. É o que se considera como canle interna da organización e única canle que forma parte do SII da Deputación.*
- *Outras canles (Canles do INORDE e do Consorcio de Augas de Valdeorras, ferramenta en liña propiedade da empresa externa Marca Franca que se axusta, tanto nas súas características como na súa xestión, ao previsto na Lei 2/2023).*

3.3. Canle interna: Canle Responsable.

A Canle Responsable é o medio preferente para informar sobre a comisión de ilícitos penais ou administrativos do ordenamento español ou certas infraccións do dereito europeo (art.4.1 Lei 2/2023), podendo recibir tamén “outras comunicacións ou informacións” (art. 7.4 Lei 2/2023). Esta canle é a adecuada para enviar as denuncias relacionadas con acoso moral, sexual ou por razón de sexo. Poderase usar a Canle Responsable para comunicar:

- *Infraccións do dereito europeo (en especial as do art. 2 1 a Lei 2/2033)*
- *Infraccións do ordenamento xurídico penais e administrativas, graves e moi graves, incluíndo, en ambos os casos, as relativas á privacidade e protección de datos e a condutas de acoso.*
- *Irregularidades ou infraccións da normativa interna da Deputación de Ourense.*

Poderán presentar comunicacións a través da Canle Responsable calquera persoas vinculadas á Deputación de Ourense, como:

- *as que integran os seus órganos de goberno, incluídas as que ostenten cargos honoríficos, se as houbese,*
- *as que son parte da súa directiva e o seu persoal, calquera que sexa o seu vínculo coa Deputación de Ourense,*
- *aquelas cuxo vínculo laboral coa Deputación de Ourense finalizase ou aínda non comezase, cando a información comunicada se obtivo durante o proceso de selección ou de negociación precontractual,*
- *as que formen parte de comités, comisións, representacións nacionais e internacionais, grupos de traballo, estudo ou investigación, por conta ou baixo o amparo da Deputación de Ourense,*
- *as provedoras, contratistas, subcontratistas, socias ou colaboradoras da Deputación de Ourense e quen traballe para elas ou baixo a súa supervisión e dirección.*

A Deputación de Ourense incluírá información sobre a existencia da canle nos modelos de contratos e convenios con estas persoas sempre que sexa posible e procedente pola natureza da relación. O Comité responsable do SII da DPO, en coordinación coas áreas da organización que se precisen, promoverá, de forma clara e facilmente accesible, as accións de comunicación necesarias para divulgar a existencia de Canle Responsable e a protección xurídica que asiste ás persoas que o utilicen e o destino das súas comunicacións.

Así mesmo, a Deputación de Ourense informaralles do tratamento dos seus datos persoais, se os houberse. O órgano responsable do SII velará, así mesmo, por que exista unha ligazón á Canle Responsable na páxina de inicio da web institucional, nunha sección separada e facilmente identificable, con información clara sobre o seu uso e sobre o procedemento para a xestión das comunicacións que se reciban a través dela e os principios sobre os que se sustenta.

3.4. Outras canles (canle do INORDE e do CAV).

Seralles de aplicación a regulación contida no apartado anterior respecto á canle responsable, se ben limitada aos seus respectivos ámbitos de actuación, tanto do INORDE como do CAV. En aplicación do previsto no artigo 14.2 da Lei 2/2023, o organismo autónomo provincial INORDE e o Consorcio de Augas de Valdeorras, adscritos á Deputación Provincial, comparten a adscrición ao SII da DPO, así como os seus recursos destinados á investigación e tramitación de informacións, sen prexuízo de que as respectivas canles aparezan diferenciadas para cada unha das entidades.

4. PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN DA INFORMACIÓN.

O presente procedemento de xestión das comunicacións recibidas en Canle Responsable, aprobado pola DPO, recolle os principios e trámites que se seguen para xestionar as comunicacións recibidas por este medio:

- *se, polo seu ámbito material, corresponde ao órgano responsable do SII o seu coñecemento, na súa tramitación e resolución seguirá os trámites previstos no procedemento,*
- *se se trata de asuntos que non sexan competencia do órgano responsable do SII, de acordo co procedemento, remitíralle a comunicación ao departamento ou unidade competente para o seu coñecemento, que deberá tramitala e resolvela seguindo o procedemento establecido.*

Todo procedemento interno que regule a tramitación de infraccións administrativas graves ou moi graves ou delitos ou infraccións do dereito da Unión Europea debe responder ao contido mínimo e aos principios recollidos no art. 9.2 da Lei 2/2023.

As persoas que reciban comunicacións á marxe das canles establecidas están obrigadas a salvagardar a súa confidencialidade e non revelar a información recibida, especialmente a que permita identificar á persoa informante ou a outras persoas afectadas.

O quebranto desta obrigaón, cando o que se comunique sexan infraccións penais ou administrativas, graves ou moi graves, ou infraccións do dereito da Unión Europea dentro do ámbito de aplicación da Lei 2/2023, terá a consideración de infracción moi grave.

5. PRINCIPIOS XERAIS DE DEFENSA DA PERSOA INFORMANTE.

A Deputación de Ourense comprométese a garantir os seguintes principios e dereitos para a protección da persoa informante que utilice a súa SII:

- Libre elección da modalidade de comunicación entre as opcións que ofrece a Canle Responsable: presencial ou a distancia, podendo ser nesta caso anónima, semianónima ou non anónima.

- Protección dos seus datos persoais conforme co disposto nas leis.

- Confidencialidade da información facilitada e dos trámites que se sigan para a súa investigación e resolución, incluídos os datos identificativos facilitados e os documentos ou arquivos sonoros ou de imaxe achegados.

- Dereito a ser informada da recepción da súa comunicación e da súa tramitación e resolución, salvo que a comunicación sexa anónima.

- Dereito a dirixirse ao órgano responsable do SII por calquera dos medios á súa disposición, para completar, aclarar ou ampliar a súa comunicación, así como para achegar novas evidencias que confirmen o contido da súa comunicación.

- Dereito a ser informada sobre as canles externas dependentes de autoridades españolas ou europeas nas que tamén poida presentar a súa comunicación.

- Se participou nos feitos denunciados, facilitou a súa identidade e colaborou activamente na investigación, dereito a solicitar que se lle atenúe ou exima da futura sanción. Esta solicitude nunca poderá atenderse se os feitos son susceptibles de ser cualificados como delito.

- Dereito a non sufrir ningunha clase de represalias, incluídas as ameazas de represalia e as tentativas de represalia. Para estes efectos, enténdense por represalias calquera acto ou omisión que estean prohibidos pola lei ou que, de forma directa ou indirecta, supoñan un trato desfavorable que sitúe ás persoas que as sofren en desvantaxe particular con respecto a outras no contexto laboral ou profesional só pola súa condición de persoas informantes ou por realizar unha revelación pública. A prohibición de represalia non será de aplicación cando se acredite no expediente que a persoa informante actuou de mala fe e con vontade de danar a outras persoas ou á organización.

A título enunciativo, considéranse represalias as seguintes:

- Suspensión do contrato de traballo, despedimento ou extinción da relación laboral ou estatutaria.

- A non renovación ou a terminación anticipada dun contrato de traballo temporal unha vez superado o período de proba.

- A terminación anticipada ou anulación de contratos de bens ou servizos.

- Imposición de calquera medida disciplinaria, degradación ou denegación de ascensos.

- Non conversión dun contrato de traballo temporal nun indefinido, no caso de que a persoa traballadora tivese expectativas lexítimas de que se lle ofrecería un traballo indefinido.

- Calquera outra modificación substancial das condicións de traballo, salvo que estas medidas se levasen a cabo dentro do exercicio regular do poder de dirección ao amparo da lexislación laboral ou reguladora do estatuto do empregado público correspondente, por circunstancias, feitos ou infraccións acreditadas, e alleas á presentación da comunicación.

- Danos, incluídos os de carácter reputacional, ou perdas económicas, coaccións, intimidacións, acoso ou ostracismo.

- Avaliación ou referencias negativas respecto ao desempeño laboral ou profesional.

- Inclusión en listas negras ou difusión de información nun determinado ámbito sectorial, que dificulten ou impidan o acceso ao emprego ou a contratación de obras ou servizos.

- Denegación ou anulación dunha licenza ou permiso.

- Denegación de formación.

- Discriminación, ou trato desfavorable ou inxusto.

Non terán a consideración de represalias as medidas disciplinarias ou sancionadoras que se poidan adoptar contra un/unha informante de mala fe.

As persoas informantes non incorrerán en responsabilidade respecto da adquisición ou o acceso á información que comuniquen, sempre que a dita adquisición ou acceso non constitúa delito.

As persoas informantes poderán contar, adicionalmente, coas medidas de protección e apoio previstas no Título VII da Lei 2/2023 que lles resulten aplicables, cando a comunicación realizada verse sobre asuntos que entren no ámbito de aplicación dos actos enumerados no Anexo da Directiva (UE) 2019/1937, afecten a intereses financeiros da UE, incidan no mercado interior ou poidan ser constitutivos de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave e sempre que as persoas informantes sexan:

a. traballadoras por conta allea da Deputación de Ourense,

b. autónomas que prestan servizos para a Deputación de Ourense,

*c. membros do órgano de administración, dirección ou supervisión da Deputación de Ourense,
d. traballadoras para ou baixo a supervisión e a dirección de contratistas, subcontratistas e
provedoras da Deputación de Ourense.*

6. ÁMBITO DE APLICACIÓN E VIXENCIA.

Esta política é de aplicación a toda persoa vinculada á Deputación de Ourense, ao INORDE e/ou ao CAV, nos termos indicados.

Calquera dúbida relacionada co contido ou a interpretación da presente política, así como dos procedementos ou normas que dela se deriven, poderá comunicárselle ao órgano responsable do SII, como órgano Responsable do Sistema, a través da Canle Responsable.

Esta política entrará en vigor cando, tras a súa aprobación polo órgano de goberno, sexa posta ao dispor do persoal e será revisada cando se identifiquen cambios (legais, técnicos, procedementais, ...) que poidan afectar ao seu contido.

7. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Dispoñible no enlace: <https://www.depourense.gal/index.php/politica-privacidad>

8. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DAS COMUNICACIÓNS RECIBIDAS NA CANLE RESPONSABLE DA DPO E NAS CANLES DO INORDE E DO CAV.

ARTIGO 1. OBXECTO.

1. Esta regulación ten por obxecto establecer o procedemento para xestionar, de forma segura, efectiva e confidencial, as comunicacións que se reciban a través da canle interna da Deputación de Ourense, Canle Responsable, e das canles internas do INORDE e do CAV, asegurando a privacidade, a confidencialidade e, se é o caso, o anonimato das persoas informantes e das terceiras persoas que se mencionen na comunicación, así como dos datos, as informacións e as actuacións que se desenvolvan na tramitación do procedemento.

2. O Comité responsable do SII da DPO, é o órgano colexiado responsable do SII que, de forma independente e autónoma, xestiona a Canle Responsable e as canles internas do INORDE e do CAV, e tramita as comunicacións que se reciban a través delas, facultades que delegou nun dos seus membros (en diante, a persoa xestora).

ARTIGO 2. PRINCIPIOS DO PROCEDEMENTO.

O Comité responsable do SII da DPO como responsable do SII, asegurárase de que na xestión das comunicacións recibidas a través da Canle Responsable se cumpran os seguintes principios:

- Tramitación baseada no principio de contradición. Resolverase tras oír ás persoas afectadas, cando cumpra, e garantindo a obxectividade de calquera actuación.*
- Dilixencia, colaboración e coordinación na tramitación das comunicacións, sen demoras indebidas e cumprindo os prazos máximos aprobados para a súa tramitación e resolución.*
- Preservación da privacidade e da intimidade de todas as persoas involucradas no procedemento. Con todo, os seus datos poderán facilitárselles ás autoridades competentes,*

tralo requirimento previo, e con estrito cumprimento da normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

- Confidencialidade estrita de todos os trámites do procedemento. Non se divulgará ningunha información a partes non implicadas, salvo que sexa necesario para a constatación da veracidade da comunicación e cando así o ampare a normativa. Débese informar a cantas persoas participen no procedemento do seu deber de gardar confidencialidade e sigilo sobre a súa intervención e sobre canta información coñecesen como consecuencia desta. En ningún caso, a identidade da persoa informante será comunicada á persoa ou persoas á/ás que se refiran os feitos relatados.

- Respecto ao principio de presunción de inocencia, audiencia e protección da dignidade das persoas afectadas.

- Ausencia de represalias contra as persoas que, de boa fe, presenten unha comunicación ou contra á/ás testemuña/s ou persoas que as apoien sen prexuízo das accións que puidesen proceder no caso de comunicacións falsas ou de mala fe. Calquera represalia ou intento de represalia deberá poñerse inmediatamente en coñecemento da organización.

ARTIGO 3. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DAS COMUNICACIÓNS.

3.1. Acceso á comunicación.

1. O acceso inicial á comunicación presentada a través da Canle Responsable está restrinxido a quen a realizara e á persoa xestora.

2. Unha vez recibida a comunicación, o Comité responsable do SII da DPO seguirá a tramitación que corresponda, de acordo co procedemento que establece esta norma. É importante ter presente que a anulación dunha comunicación por parte de quen a realizara non implicará necesariamente a non tramitación, nin a supresión de ningunha información que achegase, aínda que o Comité terá en conta esa vontade de desistir.

3. O sistema xerará de forma automática un acuse de recibo inmediato unha vez que a presentación da comunicación fose validada pola persoa informante. No caso de que a comunicación se presentase de forma anónima, o acuse de recibo estará ao dispor da persoa informante cando esta acceda á canle co identificador e contrasinal que lle proporciona o sistema.

3.2. Rexistro das comunicacións.

1. O Comité responsable do SII da DPO procederá á apertura dun expediente por cada comunicación presentada e contará cun libro-rexistro, que poderá ser en formato dixital, das comunicacións recibidas e das dilixencias internas a que desen lugar, garantindo, en todo caso, os requisitos de confidencialidade previstos na normativa vixente.

2. Este rexistro non será público e unicamente no marco dun procedemento xudicial, a petición razoada e baixo a tutela da autoridade xudicial competente, poderá accederse, total ou parcialmente, ao seu contido.

3.3. Triaxe.

1. Desde a recepción na Canle Responsable e nas Canles do INORDE e do CAV, a persoa xestora so ten dez (10) días hábiles para realizar unha triaxe ou avaliación inicial das comunicacións recibidas. Todas as comunicacións avaliaranse de forma independente e confidencial.

2. A triaxe documentarase procurando facer constar, como mínimo:

- *A forma na que se realizou a comunicación. Se a comunicación se presentouse por escrito indicárase se foi anónima, semianónima ou non anónima, e, neste último caso, as medidas adoptadas ou que conveña adoptar para salvagardar os datos persoais da persoa informante ou de calquera outras persoas afectadas.*
- *Se a comunicación vai acompañada de documentos, gravacións sonoras ou imaxes nas que se poden identificar a persoas. Neste suposto, tamén se indicarán as medidas adoptadas ou que conveña adoptar para salvagardar os datos persoais e protexer ao tempo a intanxibilidade da información recibida.*
- *Se a comunicación é dunha infracción ou irregularidade, ou se se trata dunha queixa, suxestión ou dúbida interpretativa, así como se foi cualificada como urxente, ou non, pola persoa informante indicándose se se comparte ou non a clasificación e a cualificación realizada pola persoa informante.*
- *O contido da comunicación, se fai necesario practicar algunha dilixencia de comprobación, e/ou se afecta, ou non, a algunha das persoas que integran o órgano responsable do SIII. Se dos datos achegados pola persoa informante se constata que calquera das persoas que integran o Comité está implicada nos feitos relatados, ou pode verse inmersa nun conflito de intereses, haberanse de adoptar as medidas necesarias para garantir a neutralidade e a obxectividade do procedemento, apartándoa del, cando cumpra.*
- *Proponse a admisión ou inadmisión da comunicación.*
- *En virtude da materia, a comunicación debe ser examinada polo órgano responsable do SII ou debe remitirse a outro órgano de fiscalización especializado para a súa análise e resolución. O documento que recolla as conclusións da triaxe será redactado pola persoa xestora, quen o presentará ante o órgano responsable do SII.*

3.4. Exame e deliberación preliminar do órgano responsable do SII.

1. *Dentro dos dez (10) días hábiles seguintes á finalización do prazo para realizar a triaxe, convocarase e realizarase, a pedimento da persoa xestora, unha reunión do Comité. Este examinará o contido e a natureza da comunicación recibida e a proposta da persoa xestora e deliberará sobre elas, podendo acordar que se practiquen dilixencias preliminares, como as seguintes:*
 - *solicitarlle á persoa informante, a través da Canle Responsable, que aclare e/ou amplíe a información inicialmente facilitada, outorgándolle un prazo de dez (10) días hábiles para a súa achega.*
 - *realizar algunha das dilixencias complementarias para contrastar a información comunicada.*
2. *Na análise preliminar valorará o tipo de comunicación presentada (infracción, irregularidade, queixa, reclamación, dúbida interpretativa ou suxestión). Se se comunicou unha infracción ou irregularidade e a persoa informante a cualificou como “urxente”, valorará, de forma razoada, a súa clasificación como “urxente” ou “non urxente”, con independencia da valoración que outorgase a persoa informante.*
3. *Unha vez obtida toda a información necesaria sobre o asunto, o órgano responsable do SII, no prazo de dez (10) días hábiles, poderá:*
 - a) *Inadmitir a comunicación, cando concorran algún dos seguintes supostos:*
 - *Os feitos comunicados carecen de toda verosimilitude.*
 - *Os feitos comunicados non son constitutivos de infraccións do ordenamento xurídico, infraccións administrativas graves ou moi graves, infraccións do dereito europeo ou infraccións da normativa interna.*
 - *A comunicación recibida carece manifestamente de fundamento.*

- Os feitos comunicados non son competencia do órgano responsable do SII nin doutro departamento ou órgano da Deputación de Ourense.

- Hai indicios de que a comunicación se presentou de mala fe. Haberá mala fe cando se entenda que a persoa informante actuase dalgunha das seguintes formas: con manifesto desprezo á verdade, proporcionando información falsa ou terxiversada, coa intención de vinganza ou de prexudicar á persoa afectada pola comunicación e/ou á Deputación de Ourense, coa intención de lesionar a honra ou prexudicar a reputación laboral, profesional ou empresarial de calquera persoa ou organización vinculada á Deputación de Ourense.

Se existen indicios racionais de mala fe e a comunicación se presentou de forma semi-anónima, o órgano responsable do SII poderá requirirlle á empresa externa titular da Canle Responsable os datos identificativos da persoa informante para os efectos de adoptar contra ela, de forma proporcionada, as medidas que procedesen, incluídas as de carácter sancionador. A empresa externa comunicaralle á persoa informante a solicitude de revelación da súa identidade, así como as razóns que a motivan. Estes datos quedarán rexistrados no SII por un tempo limitado e estarán tanto ao dispor da Deputación de Ourense como da persoa informante.

- A comunicación é mera reprodución doutra anterior previamente inadmitida ou que xa foi debidamente investigada.

- Os feitos comunicados relatáronse de forma moi xenérica ou imprecisa, de xeito que non é posible individualizalos ou concretalos.

- A persoa informante non achegou en prazo a información requirida.

A inadmisión leva consigo a conclusión do expediente, o que debe comunicárselle á persoa informante dentro dos dez (10) días hábiles seguintes á toma de tal decisión, a contar desde o día da reunión en que se adopte. As comunicacións que non se admitiron a trámite soamente poderán constar de forma anónima.

b) Admitir a trámite a comunicación.

Cando non concorra causa para a inadmisión, o Comité deberá admitir a comunicación e, de ser o caso, poderá acordar:

1. Resolver, no mesmo acordo de admisión, o contido da comunicación (por exemplo, cando o tipo de comunicación que se presentou sexa unha dúbida interpretativa á que se poida dar resposta sen necesidade de practicar ningunha dilixencia adicional).

2. Que se realicen dilixencias adicionais para constatar minimamente a súa verosimilitude, para o que poderá requirir o apoio doutros órganos ou departamentos da Deputación de Ourense.

3. Remitirlle a comunicación ao órgano instrutor previsto no “Protocolo de prevención e actuación ante o acoso sexual, o acoso laboral e o acoso por razón de sexo na Deputación Provincial de Ourense” (BOP núm. 290 de data 20.12.2021), cando verse sobre as materias incluídas no ámbito obxectivo do Protocolo de acoso aprobado pola Deputación de Ourense, para que a tramite conforme a este.

4. Remitirlle a comunicación ao órgano ou departamento da organización que corresponda, cando considere que a comunicación admitida non é da súa competencia (por exemplo, unha infracción administrativa leve).

Nos tres últimos supostos, o órgano responsable do SII deberá:

- adoptar todas as medidas necesarias para asegurar a confidencialidade da información,
- advertir, cando se trate dunha comunicación relacionada coas materias previstas no artigo 2 da Lei 2/2023, de que a persoa ou persoas informante/s deberá/n gozar das garantías e dereitos contemplados na citada norma, singularmente, a imposibilidade de que poida/n ser represaliada/s.

Nos supostos 3 e 4, o órgano responsable do SII advertirá, ademais, de que, se como resultado das súas pescudas, os feitos comunicados puidesen ser constitutivos de delito ou infracción grave ou moi grave, deberán trasladarlle ao órgano responsable do SII o expediente completo e a proposta de resolución.

Se a comunicación admitida ten relación cun expediente xa aberto no que se analizan feitos idénticos ou conexos, o órgano responsable do SII poderá acordar a súa acumulación.

O órgano responsable do SII comunicarlle á persoa informante a decisión adoptada no prazo de dez (10) días hábiles.

3.5. Dilixencias adicionais de constatación.

1. Cando se acorden dilixencias adicionais para cotexar, minimamente, a veracidade da comunicación, o prazo máximo para a súa práctica será de un (1) mes a contar desde a data da súa recepción na canle. Se os feitos resultasen de especial complexidade técnica, cando se acumulen comunicacións ou concorrese algún outro motivo xustificativo, o prazo poderase prorrogar por períodos dun mes, debendo motivarse cada prórroga acordada.

2. A persoa xestora realizará o seguimento das dilixencias acordadas, mantendo informado ao órgano responsable do SII.

3. As dilixencias adicionais de constatación comprenderán todas aquelas actuacións encamiñadas a comprobar que os feitos relatados poden ser supostamente certos.

4. Presúmese que toda comunicación coas persoas afectadas pode frustrar a futura investigación dos feitos. Polo tanto, só se lles informará nesta fase previa cando, por razón do contido e natureza da comunicación (suxestión, irregularidade leve, práctica incorrecta...), resulte evidente que os feitos comunicados non comportarán, en ningún caso, un delito ou unha infracción grave ou moi grave.

5. Os datos da comunicación conservaranse na canle durante o tempo imprescindible. Se transcorridos tres meses desde a recepción da comunicación non se iniciaron dilixencias de constatación, acordarase a supresión dos datos persoais, salvo que a finalidade da conservación sexa deixar evidencia do funcionamento do sistema.

3.6. Exame de fondo e Informe-proposta.

1. Unha vez practicadas as dilixencias adicionais de constatación, e no prazo máximo de dez (10) días hábiles, a pedimento da persoa xestora, convocarase e realizarase unha reunión do órgano responsable do SII na que presentará un informe-proposta que conterá, polo menos:

i. Unha exposición dos feitos relatados xunto co código de identificación da comunicación e a data de rexistro.

ii. A clasificación da comunicación, e se houbo, ou non, prioridade na súa tramitación.

iii. As dilixencias realizadas co fin de comprobar a verosimilitude dos feitos comunicados.

iv. Unha proposta que poderá ser de:

○ arquivo da comunicación, se das actuacións practicadas se deduce que os feitos non son competencia do órgano responsable do SII, non son potencialmente constitutivos dunha infracción do ordenamento ou da normativa interna aplicable á Deputación de Ourense, non quedaron minimamente acreditados ou non foi posible identificar aos seus eventuais autores. A decisión de arquivo non impedirá que se poidan ordenar ulteriores dilixencias, cando aparezan novos indicios que así o aconsellen.

○ remisión da comunicación e, se é o caso, das dilixencias practicadas ao Ministerio Fiscal, se existisen indicios da comisión dun delito. As revelacións feitas en virtude deste apartado estarán suxeitas a salvagardar as establecidas na normativa aplicable.

○ traslado de todo o actuado á autoridade competente.

○ constatación de que existe base probatoria suficiente para iniciar un procedemento disciplinario ou sancionador. O órgano responsable do SII poderá recomendar que se atenué a futura sanción por incumprimento cando a persoa informante participase nos feitos, pero se identificou e colaborou activamente no seu esclarecemento.

No informe-proposta, así mesmo, incluíranse cantas medidas e recomendacións se consideren oportunas para reforzar ou mellorar a contorna de control da Deputación, incluída a adopción de medidas de carácter xeral independentes das concretas condutas examinadas.

Para a súa elaboración poderase solicitar, se fose necesario, o asesoramento e/ou os informes doutros departamentos da Deputación ou de profesionais e/ou persoas expertas independentes.

O órgano responsable do SII, de acordo coa súa norma de funcionamento, analizará e debaterá o contido do informe-proposta, introducindo as modificacións que considere oportunas antes de elevarllo ao órgano de goberno competente.

2. O órgano responsable do SII, en función de quen sexa o órgano competente por razón da materia para coñecer do seu contido, elevaralle o seu informe-proposta ao órgano competente. Con todo, á vista do expediente, se o órgano competente considera que as dilixencias practicadas son insuficientes, poderá acordar que se amplíen.

3. Cando o órgano competente da Deputación acordase o inicio dun expediente con fundamento na comunicación presentada, comunicarase a decisión á persoa informante e, cando cumpra, á afectada á que se lle atribúan os feitos, co fin de que poidan exercer plenamente os dereitos de audiencia e defensa, así como aquelas que forman parte do sistema de protección de datos persoais.

4. O órgano responsable do SII debe comunicarlle ao órgano de goberno competente da Deputación todas as súas propostas en relación coas comunicacións recibidas. Anualmente, elaborará e elevaralle unha memoria na que, respectando sempre a confidencialidade e o anonimato das persoas informantes, debe reflectir o número e o tipo de comunicacións recibidas, un resumo do seu contido, as accións realizadas e os tempos de resolución. No informe omitirase, cando consten, os datos relativos á identidade da persoa informante, da/s persoa/s afectada/s e da/s terceira/s persoa/s interveniente/s no procedemento.

5. Resolta unha comunicación, procederase á supresión dos datos persoais conforme co establecido na lexislación aplicable.

ARTIGO 4. COMUNICACIÓNS RECIBIDAS FÓRA DO SII.

Quen reciba comunicacións á marxe do SII deberán:

1. Salvagardar a súa confidencialidade e non revelar a información recibida, especialmente a que permita identificar á persoa informante ou a outras persoas afectadas. O quebranto desta obrigaón, cando o que se comunique sexan infraccións administrativas graves ou moi graves, delitos ou infraccións do dereito da Unión Europea dentro do ámbito de aplicación da Lei 2/2023, terá a consideración de infracción moi grave.

2. Advertirlle á persoa informante da posibilidade de presentar a súa comunicación a través da Canle Responsable como forma de mellor asegurar o seu anonimato e confidencialidade. No caso de que decline, introducirase a información da que se dispoña na Canle Responsable, no prazo de dez (10) días hábiles seguintes á súa recepción.

ARTIGO 5. CONFIDENCIALIDADE E DATOS PERSOAIS.

O tratamento de datos realizado a través da Canle Responsable está sometido ás normas, procedementos e políticas de aplicación da Deputación de Ourense.

A Deputación de Ourense garante a confidencialidade e a protección da identidade e os datos das persoas informantes que, ao presentar comunicacións de boa fe, decidan voluntariamente revelalos, das persoas ás que se lle atribúan os feitos e das terceiras persoas que se mencionen nas devanditas comunicacións e nas dilixencias que se practiquen, así como das actuacións que se desenvolvan na xestión e tramitación das devanditas comunicacións, impedindo o acceso ao persoal non autorizado. A súa identidade e os seus datos non serán revelados durante o procedemento a terceiras persoas non autorizadas, incluídas as persoas superiores en xerarquía, pois se revelará unicamente a quen sexa estritamente necesario informar. A persoa á que se refiran os feitos relatados non será en ningún caso informada da identidade do informante ou de quen levase a cabo a revelación pública se se coñece a súa identidade. A Deputación de Ourense garante o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos conferidos pola normativa vixente, desde a apertura formal do expediente disciplinario ou sancionador. No caso de que a persoa á que se refiran os feitos relatados na comunicación ou á que se refira a revelación pública exercese o dereito de oposición, presumirase que, salvo proba en contrario, existen motivos lexítimos imperiosos que lexitiman o tratamento dos seus datos persoais.

Se a persoa á que se lle achacaron feitos ilícitos ou contrarios á normativa interna exercita o dereito de acceso, en ningún caso se lle debe proporcionar a identidade da persoa informante.

ARTIGO 6. CANLE EXTERNA.

Nesta data aínda non se constituíu a autoridade estatal encargada de xestionar a canle externa á que fai referencia a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, e de outorgarlles ás persoas informantes a protección que dispensa esta lei.

Con todo, a continuación inclúense algúns órganos ou autoridades aos que as persoas informantes poden dirixirse.

- *Servizo Nacional de Coordinación Antifraudes*
(<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-es/paginas/denan.aspx>)
- *Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF)*
(https://anti-fraud.ec.europa.eu/olaf-and-you/report-fraud_es#how_to_report)
- *Fiscalía Anticorrupción*
(fiscalia.anticorrupcion.denuncias@fiscal.es)
- *Axencia Española de Protección de Datos*
(<https://www.aepd.es/es/preguntas-frecuentes/13-reclamaciones-ante-aepd-y-ante-otrosorganismos-competentes>)
- *Comisión Nacional do Mercado e a Competencia*
(<https://sede.cnmc.gob.es/tramites/competencia/denuncia-de-conducta-prohibida>)

ARTIGO 7. DÚBIDAS.

Poderase utilizar a Canle Responsable para expor dúbidas interpretativas sobre este procedemento. No non previsto nel será de aplicación o disposto na Lei 2/2023 e na normativa interna que reguladora o Sistema Interno de Información.

ARTIGO 8. ENTRADA EN VIGOR.

Esta norma entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo pleno, publicada no BOP e transcorrido o prazo ao que fai referencia o artigo 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

2º.- O presente acordo someterase a información pública durante o prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación e no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial. Unha vez aprobado definitivamente o regulamento, procederase á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DPO E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DO SOFTWARE NECESARIO PARA DISPOR DUNHA CANLE DE INCIDENCIAS OU DENUNCIAS, INDIVIDUALIZADO PARA CADA UN DELES, QUE CUMpra COS REQUISITOS ESIXIDOS POLA LEI 2/2023, DO 20 DE FEBREIRO, POLA QUE SE REGULA A PROTECCIÓN DAS PERSOAS QUE DENUNCIAN INFRACCIÓNES NORMATIVAS E A LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN.

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente coa do punto anterior.

Non se producen intervencións, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o Convenio entre a Deputación de Ourense e os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a posta a disposición do software necesario para dispor dunha canle de incidencias ou denuncias, individualizado para cada un deles, que cumpra cos requisitos esixidos pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro, pola que se regula a protección das persoas que denuncian infraccións normativas e a loita contra a corrupción, de acordo coas **seguintes cláusulas:**

PRIMEIRA.- Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións da cooperación e asistencia que presta a Deputación de Ourense aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a posta a disposición do software necesario para dispor dunha canle de incidencias ou denuncias, individualizado para cada un deles, que cumpra cos requisitos esixidos pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro, pola que se regula a protección das persoas que denuncian infraccións normativas e a loita contra a corrupción.

SEGUNDA.- Obrigas das partes e procedemento de adhesión.

1. Obrigas da Deputación de Ourense.

A Deputación de Ourense porá a disposición dos concellos que se adhiran, o software para que poidan dispor dunha canle interna que cumpra coas esixencias establecidas pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro, pola que se regula a protección das persoas que denuncian infraccións normativas e a loita contra a corrupción.

A Deputación realizará unha formación (cunha duración mínima de dúas horas), para o persoal municipal designado como xestor da respectiva canle.

A Deputación porá a disposición dos concellos os documentos do Sistema Interno de Información, para que poidan adaptalos segundo as características e necesidades de cada concello (Política do SII e procedemento de xestión das comunicacións).

A Deputación procederá á integración das canles municipais nas webs dos respectivos concellos.

2. Obrigas dos concellos.

Os concellos deberán, ademais de aprobar a súa adhesión polo órgano municipal competente (segundo o modelo previsto no anexo I), designar á persoa que será xestora da canle e remitir os datos que sexan requiridos para proceder á integración da canle na web municipal.

3. Procedemento de adhesión.

Os concellos interesados deberán presentar no rexistro xeral electrónico da Deputación de Ourense, a partir do día seguinte ao da publicación do acordo de aprobación do convenio pola Deputación no BOP, a seguinte documentación:

- *Modelo de documento de adhesión (anexo I) debidamente cuberto e asinado polo representante legal.*
- *Certificación do acordo de adhesión e de aprobación do clausulado do convenio, adoptado polo órgano municipal competente, e asinado polo titular da secretaría ou secretaría-intervención municipal.*

TERCEIRA.- Comisión de seguimento.

1. *Establécese unha Comisión de Seguimento do convenio, integrada polos seguintes membros:*

a.- *En representación da Deputación Provincial:*

O presidente, ou deputado no que delegue. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.

b.- *En representación do concello:*

O/a alcalde/sa, ou concelleiro/a no/na que delegue, que poderá comparecer asistidoa de funcionarios ou técnicos municipais, estes últimos con voz pero sen voto.

As funcións de secretaría da Comisión de Seguimento corresponderanlle ao secretario xeral da Deputación, ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

2. *A comisión de seguimento terá carácter paritario, correspondéndolle un voto ao concello e un voto á Deputación Provincial.*

3. *Son funcións da comisión as seguintes:*

a) *Informar de calquera modificación ou novación do presente convenio.*

b) *Coñecer as propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlle ao resto de entidades asinantes.*

c) *Informar os supostos de resolución do convenio.*

d) *Interpretar o presente convenio, con carácter executivo, así como resolver as incidencias que poidan xurdir na súa aplicación.*

4. *A Comisión de Seguimento adoptará os seus acordos por unanimidade, dado o seu carácter paritario. En caso de non acadarse a dita unanimidade, deixarase constancia en acta desta circunstancia, dándose por cumprido o trámite de informe da comisión, no caso de que este sexa preceptivo, e podendo, as entidades parte do convenio, exercer as accións xudiciais ou administrativas que consideren oportunas.*

5. *No non previsto no presente convenio, o funcionamento da Comisión de Seguimento rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas no título II da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

CUARTA.- Réxime xurídico.

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA.- Causas de resolución do convenio. Liquidación.

1. *Serán causas de resolución do convenio as seguintes:*

a) *Polo transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.*

b) *Polo acordo unánime das partes.*

c) *Polo incumprimento das súas obrigas e compromisos por calquera das partes, a pedimento da outra parte. Neste caso, a parte que solicita a resolución deberá notificarlle á outra parte un requirimento para que cumpra as súas obrigas nun prazo determinado. Do requirimento formulado daráselle traslado á comisión de seguimento, para informe. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o formulou notificaralle á outra parte a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio.*

d) *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

e) *Por calquera outra causa prevista nas leis.*

2. *Producida a resolución do convenio, este entrará en liquidación, que será aprobada pola Deputación Provincial, tralo informe previo da comisión de seguimento. Contra o acto de liquidación procederán os recursos previstos contra os actos administrativos no ordenamento xurídico.*

Na liquidación incluíranse os danos e perdas causados pola resolución, que lle serán imputables á parte que os causase conforme coas regras xerais de responsabilidade contractual.

En todo caso, a liquidación suxeitarase ao previsto no artigo 52 da Lei de réxime xurídico do sector público.

SEXTA.- Vixencia e duración do convenio.

O presente convenio ten efectos desde a súa sinatura, e terá unha duración de catro anos. En calquera momento, antes da finalización deste prazo, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou acordar a súa extinción.

SÉTIMA.- Réxime de modificación do convenio.

Calquera modificación do presente convenio requirirá o acordo expreso das partes que o subscriben.

OITAVA.- PUBLICIDADE.

O presente convenio ou o seu acordo de aprobación, será publicado no BOP, na sede electrónica e no portal de transparencia da Deputación, para xeral coñecemento.

2º. Publicar este acordo no BOP, para os efectos oportunos e para o xeral coñecemento.

ANEXO I – MODELO DE DOCUMENTO DE ADHESIÓN

D./D^a _____ na súa condición de alcalde/sa do Concello de _____, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e demais normativa concordante, actuando en nome e representación do referido concello **DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

1º. Que coñece na súa totalidade o vixente Convenio de colaboración entre a Deputación de Ourense e os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a posta a disposición do software necesario para dispor dunha canle de incidencias ou denuncias, individualizado para cada un deles, que cumpra cos requisitos esixidos pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro, pola que se regula a protección das persoas que denuncian infraccións normativas e a loita contra a corrupción (en adiante convenio).

2º. Que por acordo adoptado por _____ na data _____, o Concello de _____ aprobou a adhesión do

Concello ao Convenio, aprobando expresamente o seu clausulado, e designando como persoa responsable da canle a _____ (nome, apelidos, DNI, cargo/posto de traballo e medios de contacto), e como técnico de contacto responsable da web municipal a _____ (nome, apelidos, DNI, cargo/posto de traballo e medios de contacto).

SOLICITA: A adhesión do Concello de _____ ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Ourense e os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a posta a disposición do software necesario para dispor dunha canle de incidencias ou denuncias, individualizado para cada un deles, que cumpra cos requisitos esixidos pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro, pola que se regula a protección das persoas que denuncian infraccións normativas e a loita contra a corrupción.

4º.- EXPEDIENTE N° 5/2023 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIA DE OURENSE.

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza a súa intervención sinalando que cando un concello recibe unha subvención da Deputación e estima oportuno cambiar o seu obxecto pola razón que sexa, o grupo de DO adoita votar a favor, xa que o propio concello é quen coñece a súas necesidades. Entrando xa nos cambios de obxecto que figuran na proposta indica que no caso do concello de San Amaro se trata só de precisar o exercicio orzamentario ao que se refire o gasto, tamén un cambio de obxecto para materializar a compra dunha parcela pola Fundación Otero Pedrayo, a especificación de exercicio orzamentario para unha subvención nominativa a Antonio Luz para realización de videoclips, un cambio de obxecto para obras en estradas municipais no concello de Chandrexa de Queixa. Algo similar sucede coa subvención prevista para o concello de Vilar de Santos, precisándose o exercicio orzamentario, así como no caso da subvención prevista para a “Asociación dano cerebral adquirido- Renacer”. Engade que lle chamou a atención o caso da subvención do concello de Esgos, xa que se cambia para a rede de abastecemento e saneamento na contorna da Casa cuartel, xa que hai escasas datas se estaba producindo unha intervención da Xunta de Galicia nesa zona executando unha obra, polo que entende que esta non debeu ser suficiente. No caso de Cortegada cámbiase por unha iluminación en Zaparín e o concello de Boborás cambia para

unha pavimentación en Saló e Brués. Remata indicando que convén analizar os expedientes como este para coñecer mellor as necesidades dos concellos da nosa provincia.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para indicar que seguramente co plan provincial único que agarda que chegue pronto xa non serán necesarias este tipo de modificacións porque cada concello poderá decidir a que destina as achegas provinciais, xa que os concellos teñen capacidade plena para decidir dentro da súa autonomía local. Remata indicando que apoiarán esta proposta da Presidencia.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que o seu grupo vai ter a mesma coherencia que tiveron ata o de agora. Entenden que os concellos son maiores de idade e deben ter a capacidade de mudar as súas decisións nun momento dado. Engade que agarda que isto mude a partir de agora e non teñan que vir este tipo de expedientes de modificacións de obxectos de subvencións nominativas. Sinala que o seu grupo se vai abster e que debe diferenciarse a concesión de subvencións nominativas como sistema xeral da de casos de urxencia debidamente xustificadas. Remata indicando que agarda que mude este sistema a partir de agora como se leva manifestado pola Presidencia e como levan pedindo os grupos da oposición durante os últimos mandatos.

- 1ª intervención Marta Nóvoa (grupo do PP): Cinguíndose estritamente ao asunto da orde do día manifesta que o seu grupo apoia a proposta da Presidencia, como non pode ser doutro xeito. Sinala que as necesidades poden mudar por diferentes motivos e por esa razón van votar a favor desta proposta.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (3) e do BNG (2), e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023, consistente na modificación de obxectos de distintas subvencións concedidas que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral, co seguinte contido:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” no expediente de modificación número 2/2023 dos orzamentos para o exercicio 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello**

de San Amaro para a **reparación do tellado no centro social de Anllo** pola cantidade de 48.000,00 euros.

Con base no certificado do secretario-interventor do Concello de San Amaro asinado o 5 de setembro de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o 7 de setembro de 2023, comunicando que segundo a documentación que consta no expediente, o proxecto de “reparación do tellado no centro social de Anllo” é un proxecto que se corresponde e se executou no exercicio 2021.

Polo exposto anteriormente, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención **engadindo o exercicio ao que corresponde a dita subvención**, sen producirse máis variacións.

FINALIDADE	IMPORTE
Reparación do tellado no centro social de Anllo. Exercicio 2021	48.000,00 €
450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”	

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias” no expediente número 2/2023 de modificación dos orzamentos para o exercicio 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha **subvención nominativa á Fundación Otero Pedrayo** para o “Miradoiro Bocarribeira de Otero Pedrayo” polo importe de 8.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo presidente da Fundación de data 19 de xullo de 2023 **acórdase o cambio da finalidade** da subvención, e que **implica un cambio de aplicación orzamentaria pasando do capítulo IV ao capítulo VII** da clasificación económica de gastos, quedando da seguinte maneira,

FINALIDADE	IMPORTE
Adquisición de terreo para o Miradoiro Bocarribeira de Otero Pedrayo	8.000,00 €
450.12/789.01 “Cooperación provincial. Outras transferencias ”	

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias” no expediente de modificación número 2/2023 dos orzamentos para o exercicio

2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa a **Antonio Luz** para **videoclips** pola cantidade de 25.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo interesado comunicando que segundo a documentación que consta no expediente, a subvención corresponde a varios videoclips dentro do proxecto “Paraíso das Airas” e que se realizaron e presentaron nos exercicios 2021 e 2022, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención **engadindo os exercicios aos que corresponden a dita subvención**, sen producirse máis variacións.

FINALIDADE	IMPORTE
Videoclips realizados e presentados nos exercicios 2021 e 2022	25.000,00 €
450.12/489.00“Cooperación provincial. Outras transferencias”	

d) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” no expediente de modificación número 2/2023 dos orzamentos para o exercicio 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Chandrexa de Queixa** para “**arranxo Alto do Viso – Casteloais**, pola cantidade de 48.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde o 18 de abril de 2023 e entrada no rexistro electrónico desta Deputación o mesmo día, xustificando a necesidade deste novo proxecto, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención,

FINALIDADE	IMPORTE
Reparación de firmes en Drados, Requeixo e Zamorela	48.000,00 €
450.12/762.01“Cooperación provincial. A Concellos. Subvencións ”	

e) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A concellos subvencións ” nas bases de execución dos orzamentos para o exercicio 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Vilar de Santos** para **humanización rúa do Seixo** pola cantidade de 27.000,00 euros.

Con base no certificado presentado pola secretaria-interventora do Concello o proxecto executouse en dúas anualidades, 2021 e 2022.

Polo exposto anteriormente, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención **engadindo os exercicios aos que corresponden a dita subvención**, sen producirse máis variacións.

FINALIDADE	IMPORTE
Humanización rúa do Seixo exercicios 2021 e 2022	27.000,00 €
450.12/762.01“Cooperación provincial. A Concellos subvencións”	

f) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A concellos subvencións ” no expediente de modificación número 2/2023 dos orzamentos para o exercicio 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Parada do Sil** para “cofinanciamento proxecto cargadores eléctricos” pola cantidade de 17.000,00 euros.

Con base na solicitude asinada polo alcalde o 20 de abril de 2023 e presentada no rexistro electrónico da Deputación Provincial o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade e que implica un cambio de aplicación orzamentaria pasando do capítulo VII ao capítulo IV** da subvención **para o seguinte obxecto:**

FINALIDADE	IMPORTE
Actualización do rueiro	17.000,00 €
450.12/462.00“Cooperación provincial. A Concellos subvencións”	

g) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/789.01 “Cooperación provincial. Outras transferencias” no expediente de modificación número 2/2023 dos orzamentos para o exercicio 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa á **“Asociación dano cerebral adquirido- Renacer”** para **acondicionamento novo local** pola cantidade de 37.556,44 euros.

Con base na solicitude presentada pola Presidenta da asociación a subvención corresponde a un proxecto iniciado no exercicio 2021 e rematado en 2022, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención **engadindo os exercicios aos que corresponden a dita subvención**, sen producirse máis variacións.

FINALIDADE	IMPORTE
Acondicionamento novo local . Exercicios 2021 e 2022	37.556,44 €
450.12/789.01“Cooperación provincial. Outras transferencias”	

h) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A concellos subvencións ” no expediente de modificación número 2/2023 dos orzamentos para o exercicio 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Esgos** para **vivendas sociais** pola cantidade de 77.181,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde por mor das necesidades xurdidas no transcurso da tramitación e da urxente necesidade de execución dos proxectos para os que se solicita o cambio, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención da seguinte forma:

FINALIDADE	IMPORTE
Rede de saneamento e abastecemento no entorno da casa cuartel de Esgos	46.400,00 €
Mellora da eficiencia enerxética en Esgos	30.781,00 €
TOTAL	77.181,00 €
450.12/762.01“Cooperación provincial. A Concellos subvencións”	

i) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A concellos subvencións ” no expediente de modificación número 4/2023 dos orzamentos para o exercicio 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Cortegada** para **“adecuación da piscina municipal dos/as nenos/as”** pola cantidade de 13.627,52 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde o 26 de xuño de 2023 , indicando que non é posible levar a cabo a obra referenciada, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención:

FINALIDADE	IMPORTE
Mellora do alumado de Zaporín	13.627,52 €
450.12/762.01“Cooperación provincial. A Concellos subvencións”	

j) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A concellos subvencións ” nas bases de execución dos orzamentos para o exercicio 2023 da Deputación

Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Boborás** para **“humanización acceso igrexa San Martiño de Cameixa”** pola cantidade de 48.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada pola alcaldesa o 12 de setembro de 2023, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención seguinte,

FINALIDADE	IMPORTE
Proxecto de pavimentación de camiños en Salón e Brues	48.000,00 €
450.12/762.01“Cooperación provincial. A Concellos subvencións”	

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA BENOURENSE PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO PARA O EXERCICIO 2023

O Sr. secretario expón o contido do ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Todos os grupos anuncian que votarán a favor desta modificación.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das bases reguladoras do Programa BenOurense para o servizo de axuda no fogar básico – SAF básico, para o exercicio 2023, no seguinte sentido:

Na base VI.1., onde di:

“1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

(...) A xustificación final do programa, na Acción 1, poderá incluír:

- As facturas emitidas pola mercantil prestadora do servizo/subministración de dixitalización á data do 15 de setembro de 2023. (...)”

Debe dicir:

“1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

(...) A xustificación final do programa, na Acción 1, poderá incluír:

- As facturas emitidas pola mercantil prestadora do servizo/subministración de dixitalización ata o 30 de novembro de 2023. (...)"

Na base VI.2., onde di:

“2. Xustificación e pago final.

Ata o 15 de setembro de 2023 para a ACCIÓN 1, e ata o 30 de novembro de 2023 para a ACCIÓN 2 (ambas as datas incluídas), as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención... ”

Debe dicir:

“2. Xustificación e pago final.

Ata o 30 de novembro de 2023 (incluído) para as ACCIÓNS 1 e 2, as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención... ”

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, a modificación das bases inicialmente aprobada polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

6º.- CESIÓN DE USO DA SUPERFICIE QUE OCUPA O AERÓDROMO DE ANTELA (10,09 HA) SOBRE DIFERENTES PARCELAS CATASTRAIS

O Sr. secretario dá conta do ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Toma a palabra para indicar que votarán a favor da proposta, xa que lles parece unha cesión moi acaída para unha axeitada prestación dun servizo tan importante como este. Lembra que no mandato anterior, cando se elaborou o actual inventario provincial de bens, xa lles chamara a atención o alto valor desas parcelas, e que viña motivado precisamente polos dereitos de voo que teñen.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda sinala que o mellor sistema de xestión de lumes é que chova, e que este ano foi excepcionalmente bo a nivel de incendios forestais e que a climatoloxía axudou moito. Dito isto, este convenio arranca doutro convenio

asinado no bipartito da Xunta de Galicia, e que estamos ante un bo exemplo de colaboración entre diferentes administracións públicas, que permite cubrir unha boa parte do espazo da nosa provincia desde estas parcelas.

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza manifestando o seu acordo coa ampliación desta cesión de parcelas a favor da Xunta de Galicia para a prestación do servizo de loita contra os incendios forestais. Trátase de engadirlle á superficie actual unha nova cesión de dez hectáreas para o seu uso pola Consellería do Medio Rural, polo que están a favor desta cesión para mellorar as infraestruturas actuais, pedindo que se lles informe das obras que se realicen nas parcelas obxecto de cesión.

- 1ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): Sinala que é unha mostra máis da colaboración desta Deputación coa Consellería do Medio Rural na loita contra os incendios, que ten outros exemplos como o cofinanciamento da adquisición de tractores rozadoras en diferentes concellos para labores de prevención de lumes, ou a posta a disposición de vehículos do parque de maquinaria para a loita contra os lumes.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

1º.- Aprobar a cesión á Xunta de Galicia do uso da superficie que ocupa o Aeródromo de Antela (10,09 Ha) sobre as seguintes referencias catastrais:

- 203 m2 da parcela NRC: 32078A177000320000QS
- 35.518 m2 da parcela NRC: 32078A177000340000QU
- 4.582 m2 da parcela NRC: 32078A177000460000QL
- 29.982 m2 da parcela NRC: 32078A177000490000QM
- 17.465 m2 da parcela NRC: 32078A177000500000QT
- 13.150 m2 da parcela NRC: 32078A177000520000QM

A esta cesión seranlle de aplicación as mesmas condicións que figuran no acordo de data 1 de abril de 1997 e na addenda de data 29 de maio de 1997 de cesión dos terreos sobre os que se asenta o Aeródromo de Antela á anterior Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.

2º) Remitirlle á Xunta de Galicia o acordo de cesión adoptado por parte do Pleno, o título de propiedade dos bens e nota simple do rexistro para que proceda a tramitar un expediente de aceptación.

3º) Formalizar o documento administrativo de cesión entre ambas administracións.

7º.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE CONVENIO PARA O EXERCICIO POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DAS FUNCIÓNS MUNICIPAIS EN MATERIA DE POLICÍA MEDIOAMBIENTAL DE VERTIDOS ÁS REDES E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NOS CONCELLOS DE O PEREIRO DE AGUIAR E SAN CIBRAO DAS VIÑAS.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Marta Nóvoa (grupo do PP): Toma a palabra para facer unha breve explicación do contido do convenio que se somete a aprobación. Así, sinala que é un convenio en vigor desde o ano 2011 e que leva caducado desde o ano 2021. Consiste basicamente na policía medioambiental que os concellos de San Cibrao das Viñas e de Pereiro de Aguiar delegan na Deputación de Ourense por non dispor de persoal necesario para controlar a rede de seguridade montada na zona dos polígonos para loitar contra os vertidos que chegan á depuradora. Así a Deputación achega os seus medios para o seguimento, control, inspección e procedementos sancionadores ante posibles incumprimentos da normativa de vertidos.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Fai uso da palabra para sinalar que votarán a favor deste medida, desexando que se incremente o control sobre os vertidos e dos que o concello de Ourense ten sufrido tamén as consecuencias.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta primeira quenda sinala que van apoiar eta proposta, pero matiza que non deixa de ser un parche que leva anos e que a pesar del, os vertidos ao río Barbaña continuaron nos últimos anos. Todo pasa por unha responsabilización das propias empresas dos polígonos industriais e por outra banda pola nova EDAR tanto tempo demandada e que non acaba de saír adiante e que é moi importante, porque afecta ao maior polígono industrial do país. Desde esta Deputación deberíamos tratar de incidir todos os grupos na necesidade da construción e posta en marcha desa nova EDAR, e que noutros lugares se teñen gastado máis cartos en cousas seguramente menos necesarias. Remata indicando que lles gustaría que este convenio fose ampliable no sentido de crear un servizo de vixilancia e policía medioambiental en materia de residuos, xa que a nova lexislación estatal, aprobada en abril de 2023, obriga a unha nova forma de xestión dos residuos e nas que os concellos teñen a maior parte das competencias, e que entende que se a nivel de concienciación hai xente que non xestiona conforme coa legalidade os seus residuos, a única forma de mudar eses comportamentos é dispor dun réxime de vixilancia e sancionador axeitado. Remata

indicando que con este tipo de persoal de vixilancia medioambiental, poderíase prestar un servizo moi útil aos concellos e a ela mesma, xa que xestiona os residuos de máis de cincuenta concellos da provincia. Remata demandando a construción da nova EDAR tan necesaria para os parques empresariais de Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para indicar que, despois desta “moción in voce” que nos fixo o voceiro do BNG, e cinguíndose á orde do día, o seu grupo entende que debe apoiar esta proposta recalcando que policía medio ambiental si, pero ogallá se puidese atallar o problema desde o seu inicio. Remata indicando que a nova EDAR é moi necesaria, e que seguro que se fará máis pronto que tarde.

- 2ª intervención Marta Nóvoa (grupo do PP): Nesta quenda comeza sinalando que a policía medioambiental é para saneamento e vertidos, e que este convenio é para o que é, e que o demais poderá ser obxecto doutro convenio e doutro debate. Centrándose na problemática que sofren estes dous concellos, indica que levan moitos anos á espera da modificación da EDAR ou dunha nova, xa que ao longo dos anos as empresas aumentaron moito e con isto o nivel dos vertidos de toda a zona industrial. Temos o máis importante que son as empresas pero non temos unha EDAR axeitada. Esa nova EDAR leva máis de cinco anos agardando a ser modificada, xa que se deixou adxudicada no goberno de Mariano Rajoi, e agora está co trámite do estudo de impacto ambiental, leva un par de anos nesa fase, e nós, os concellos, o único que soportamos, ao ser os titulares da autorización de vertido, son as multas desorbitadas da Confederación Hidrográfica. Engade que ata o de agora as únicas administracións que levan colaborado para buscar unha solución son a Deputación de Ourense, con este convenio, e os concellos, e que seguen facendo traballos de policía ambiental, séguese sancionando ás empresas que incumpren e se fixeron moitos cambios, ente eles a introdución de cabinas, se ben non se consegue detectar a orixe de todos os vertidos porque moitos deles son escumas ou deterxentes que son imposibles de detectar, o que fai absolutamente necesario unha nova EDAR para solucionar este grave problema. Remata indicando que o Ministerio de Transición Ecolóxica non é áxil na tramitación dos permisos da nova EDAR, sendo a administración que asume que fai falla esta nova EDAR, pero mentres tanto o único que fai é sancionar aos concellos.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Apunta que se fixo especial énfase no concello de San Cibrao e o río Barbaña, pero que debe lembrarse que o concello de Pereiro de Aguiar tamén está afectado polas augas do encoro de Cachamuña e do que se abastece a cidade de Ourense, polo que é de moito interese controlar tamén estas augas.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda sinala que tiña lido en prensa que a nova EDAR tamén tiña que solucionar algunha cuestión relativa ao planeamento municipal, e pide que se lle aclare esta dúbida, e engade que simplemente sacou o tema de facer extensivo a policía medioambiental ao ámbito dos residuos sólidos urbanos. Remata indicando que a solución óptima será a construción dunha nova EDAR polo que todos debemos arrimar o ombreiro nesta liña.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para apuntar que o concello de Taboadela leva varios meses cunha obra que financia, licita e executa a Confederación Hidrográfica e mentres tanto seguen multando cos vertidos se van solucionar con esta nova obra, polo o caso dos concellos do convenio non é excepcional nin é un caso illado.

- A Presidencia intervén para indicar que quedou perfectamente claro o sentido do voto de todos os grupos, e que o importante é que este convenio é moi necesario, e que é moi urxente que se constrúa a nova EDAR.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar o convenio para o exercicio por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, das funcións municipais en materia de policía medioambiental de vertidos ás redes e infraestruturas municipais de saneamento e depuración de augas residuais nos concellos do Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas, co seguinte contido:

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio a delegación na Deputación Provincial de Ourense do exercicio das competencias dos concellos de O Pereiro de Aguiar e de San Cibrao das Viñas en materia de policía medioambiental de vertidos ás redes e infraestruturas municipais de saneamento e depuración de augas residuais, establecendo o marco regulador desta fórmula de cooperación.

Segunda.- Ámbito territorial, funcional e temporal da delegación obxecto do convenio.

1.- En virtude deste convenio, os concellos de O Pereiro de Aguiar e de San Cibrao das Viñas delegan na Deputación Provincial de Ourense o exercicio das competencias que a lexislación vixente lle atribúe aos concellos en materia de policía de vertidos ás redes e infraestruturas

municipais de saneamento e depuración de augas residuais, nos termos que se recollen nesta cláusula.

2.- En concreto, son obxecto da delegación as seguintes facultades:

a) A tramitación, concesión e/ou denegación dos permisos especiais de vertido ao sistema público de saneamento e depuración regulado nas respectivas Ordenanzas municipal reguladoras do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais.

b) A función de inspección para que se cumpran as condicións establecidas nas Ordenanzas municipais reguladoras do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais.

c) A xestión tributaria e recadación das seguintes taxas:

a. No caso do municipio de O Pereiro de Aguiar, as establecidas na Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo municipal de control de vertidos de augas residuais procedentes do Parque Empresarial do Concello de O Pereiro de Aguiar ou aquelas que as substitúan.

b. No caso do municipio de San Cibrao das Viñas, as establecidas na Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo municipal de control de vertidos de augas residuais procedentes de establecementos mercantís ou industrias no municipio ou aquelas que as substitúan.

d) O exercicio da potestade sancionadora en materia de vertidos industriais ás redes e infraestruturas municipais de saneamento e depuración de augas residuais.

e) O exercicio das accións administrativas de restablecemento da legalidade, imposición de medidas correctoras e esixencia de responsabilidade patrimonial por danos e perdas aos bens e dereitos de titularidade municipal en materia de vertidos industriais ás redes e infraestruturas municipais de saneamento e depuración de augas residuais.

f) A resolución de calquera clase de recursos ou reclamacións administrativas contra os actos ditados no exercicio da delegación conferida neste convenio.

g) A declaración de lesividade e a revisión de oficio dos actos administrativos ditados no exercicio das facultades delegadas.

No exercicio das facultades delegadas, a Deputación Provincial exercerá cantas potestades administrativas lle atribúe o ordenamento xurídico.

As competencias delegadas exerceranse en todo momento con estrito cumprimento da normativa aplicable, incluíndo as ordenanzas municipais vixentes na materia.

1. Non forman parte do obxecto da delegación as seguintes competencias, cuxo exercicio queda reservado aos concellos:

- a) A aprobación de ordenanzas municipais na materia.
 - b) A ordenación e imposición de taxas polo exercicio das funcións delegadas, mediante as correspondentes ordenanzas fiscais.
2. O exercicio das competencias delegadas levaranse a cabo nos termos municipais de O Pereiro de Aguiar e de San Cibrao das Viñas.
3. A delegación conferida será efectiva durante toda a vixencia do convenio.

Terceira.- Mecanismos de control do exercicio das facultades delegadas.

1. O control do exercicio das facultades delegadas por parte da Deputación será realizado polos concellos a través da Comisión de Seguimento, prevista na cláusula quinta. Para este efectos, a Comisión de Seguimento, por unanimidade, poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial. Os concellos poderán obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de cinco días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial. Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á Comisión de Seguimento sobre a marcha do servizo.
2. En todo caso, os concellos resérvanse o dereito a resolver unilateralmente o convenio nos termos previstos na cláusula sexta.

Cuarta.- Réxime económico do convenio.

A execución deste convenio non producirá obrigas económicas para as partes, e a Deputación Provincial asumirá o exercicio delegado das competencias municipais sen contraprestación a cargo dos concellos, agás no caso do exercicio delegado das competencias de xestión tributaria e recadación, no que se aplicará a taxa prevista na vixente ordenanza fiscal provincial.

No obstante o anterior, as multas impostas no exercicio delegado da potestade sancionadora constituirán un recurso da facenda provincial, cedéndose o dereito ao seu ingreso a favor da Deputación Provincial.

No suposto en que os Concellos chegaran a establecer unha taxa polos servizos prestados pola Deputación en virtude desde convenio -como a tramitación do permiso especial de vertido ou a realización de inspeccións-, a dita taxa entenderase igualmente cedida a favor da Deputación Provincial.

Quinta.- Comisión de Seguimento.

1. Establécese unha Comisión de Seguimento do convenio, integrada polos seguinte membros:

- a) En representación da Deputación Provincial:
 - A presidencia, ou deputado/a no/na que delegue. Corresponderalle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.
 - A xefatura do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios e o Director/a da Área Medio Ambiente, ou funcionarios/as que legalmente os/as substitúan, en todos os casos con voz pero sen voto.
- b) En representación de cada un dos concello:
 - A Alcaldía, ou concelleiro/a no/na que delegue, que poderá comparecer asistido de funcionarios/as ou técnicos municipais, estes últimos con voz pero sen voto.

As funcións de secretaria da Comisión de Seguimento corresponderalle a Xefatura do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, sen prexuízo da súa condición de vogal.

2. A Comisión de Seguimento terá carácter paritario, correspondéndolle a cada concello representado un voto.

3. Son funcións da comisión as seguintes:

- a) Ser informada, polo menos anualmente, do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.
- b) Informar calquera modificación ou novación deste convenio.
- c) Coñecer as propostas, queixas e suxestións que as partes poidan formularlles ao resto das entidades asinantes.
- d) Informar os supostos de resolución de convenio.

4. A Comisión de Seguimento adoptará os seus acordos por maioría simple.

5. No non previsto neste convenio, o funcionamento da Comisión de Seguimento rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas no título II da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Extinción anticipada do convenio.

1. Serán causas de resolución anticipada do convenio as seguintes:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por denuncia de calquera das partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. Os efectos da extinción anticipada do convenio entenderase referido, neste supostos, ó día natural seguinte a aquel no que se formule a denuncia.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, trala audiencia previa dos concellos, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de ser o caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exerceranse accións contempladas no ordenamento vixente.

Sétima.- Natureza e réxime xurídico.

Este convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso – administrativa.

Oitava.- Duración do convenio

O presente convenio terá unha duración de catro anos, tras a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prorroga por un período de hasta catro anos adicionais ou a súa extinción.

Novena. Entrada en vigor y efectos.

Este Convenio entrará en vigor o mesmo día da publicación no BOP e despregará os seus efectos con carácter retroactivo desde o 1 de febreiro de 2021.

2. Ordenar que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A FISCALIZACIÓN E RACIONALIZACIÓN DO USO DO PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para dar lectura á iniciativa política do seu grupo sinalando que a Deputación Provincial de Ourense conta cun avultado parque móbil: máis dun cento de turismos e furgonetas, ademais dunhas duascientas unidades pesadas, maquinaria e vehículos técnicos. No concerninte á utilización dos vehículos

por parte de autoridades e cargos electos, estes veñen sendo empregados de xeito discrecional, con opacidade, sen que conste a existencia dalgún tipo de control que permita certificar publicamente e con transparencia o seu uso apropiado e eficiente. Tampouco lle consta ao grupo provincial do PSdeG-PSOE a existencia de consignas ou instrucións concretas para a xestión dos denominados “coches oficiais”, nin dun regulamento sobre este patrimonio de carácter público, sufragado cos recursos de todas e todos os ourensáns. Mentres, cara aos vehículos destinados aos traballadores si se teñen adoptado medidas de control interno, como o seguimento por GPS.

A nosa moción persegue unha actualización da relación de vehículos que compoñen o parque móbil da Deputación Provincial de Ourense, cuxo máis recente listado data de 2019. Amais, esta proposta ten por obxectivo acadar a maior rendemento posible na utilización dos vehículos, a través dun uso racional, privilexiándose a transparencia coma principio fundamental e de obrigado cumprimento na xestión cotiá das Administracións Públicas. O grupo provincial do PSdeG-PSOE arela os máximos niveis de eficiencia pública nesta institución, considerando preciso frear o gasto excesivo que implica o manexo sen control de dúcias vehículos para uso e desfrute exclusivo de certos cargos e autoridades. Neste sentido, insistimos no imprescindible da fiscalización e racionalización do parque móbil a través da instauración dun mecanismo de control que acredite que o uso destes vehículos é soamente para tarefas relacionadas con atribucións e misións da Deputación Provincial de Ourense.

Nun momento no que o planeta atravesamos un contexto climático delicado, concluíndo a ciencia a urxencia do seu coidado, é hora que a Deputación Provincial de Ourense se adhira ao presente e futuro da mobilidade, que pasa polo pulo a medios de transporte sostibles e respectuosos do medio ambiente. No caso do parque móbil público provincial, abrazar unha mobilidade sostible pasa pola supresión do uso discrecional de vehículos oficiais e a súa substitución -sempre que sexa posible- por desprazamentos en transporte público colectivo (tren ou autobús, preferentemente) ou eventualmente polo servizo de autotaxi.

Os socialistas defendemos que a adopción destas medidas para a racionalización das dimensións e do uso do parque móbil, nomeadamente os coches oficiais, redundará nunha mellor rendición de contas e transparencia, mellores índices de sustentabilidade financeira, que redundan nunha meirande estabilidade e eficiencia orzamentaria; responsabilidade e lealdade institucional; e, amais, respecto polo medio ambiente. Doutra banda, tamén suporían unha alternativa real ao excesivo gasto excesivo que implica o uso discrecional individualizado dos vehículos oficiais, gasto ao que hai que engadir mantemento técnico, combustible, seguros e retribucións dos condutores.

Tralo exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Que se actualice a listaxe do parque móbil oficial da Deputación Provincial de Ourense e se proceda a eliminar o continxente de vehículos superfluo ou innecesario a través da súa venda ou poxa polos vieiros legais oportunos e, a partires da materialización do presente acordo, os cargos, deputados e o seu persoal subordinado pasen a empregar os servizos públicos de transporte colectivo ou autotaxi, segundo sexa máis eficaz, eficiente e implique un maior aforro para as arcas provinciais.

SEGUNDO.- Que a Deputación Provincial de Ourense formalice un regulamento de uso de coches oficiais desta institución e implante un rexistro público, de actualización regular e accesible a través da páxina web da institución, no que poidan ser consultados, en todo momento e por todos os cidadáns, os desprazamentos realizados, as persoas que participaron en cada un destes, as motivacións e o seu custo.

- 1ª intervención Rafael Martínez (grupo de DO): Toma a palabra para indicar que o seu grupo vai votar que si a esta moción do grupo socialista, se ben lle pide ao grupo propoñente que lle responda a tres preguntas: desde 2019 non saben cantos vehículos ten esta Deputación Provincial? meter o cambio climático nesta moción parece banalizar este grave problema, creen que é apropiado? O día 27.08.2019 o alcalde de Ourense de DO, nese concello, tomou unha decisión moi parecida ao que se pide nesta moción, e entón o grupo municipal do PS de G-PSOE dixo que era moi dubidoso o aforro, e que se trataba de vender fume e dunha proposta populista, polo que pregunta porqué razón o que vale aquí non vale no concello, e que se se trata dunha vinganza porque agora o grupo socialista está onde está e lles gustaría estar noutro sitio.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza indicando que en 2019 tamén estaba DO neste pleno e que todos compartían facultades de control e fiscalización ao goberno provincial, e que é obvio que esta moción ven polo problema que tivo o anterior presidente José Manuel Baltar. Engade que sobre este asunto o grupo do BNG ten formuladas unha serie de preguntas que seguramente lles contestarán en canto poidan os servizos da Deputación ao respecto do uso dos vehículos do parque móbil da Presidencia. A partir de aquí semella que a moción para o control do parque móbil da Deputación é algo lóxico e posible, xa que é practicamente inviable na nosa provincia facer desprazamentos en transporte público con certo grao de racionalidade. Remata afirmando que o seu grupo apoiará esta moción para mellorar esta infraestrutura provincial.

- 1ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): Comeza sinalando que o parque móbil da Deputación conta cun regulamento desde o ano 2013 que regula o seu uso e define a súa finalidade, uso, responsabilidade, mantemento, sancións e outras cuestións, polo que o grupo popular entende que ante o que se pide na moción xa existe un documento, aínda que se poida mellorar. Engade que existe un rexistro das saídas do parque móbil da Presidencia, e lembra que as axendas son públicas e moitos deputados e deputadas con responsabilidades empregan os seus vehículos privados, e lembra que o transporte público, polas circunstancias da nosa provincia, non é o medio máis acaído para moitos dos desprazamentos. Finaliza indicando que é perfectamente compatible o uso do parque móbil propio da Deputación e o uso de transporte público e que se trata sempre de buscar a solución máis favorable para os intereses desta institución. Engade que se solicitaron informes para avaliar o estado actual do parque móbil e dos vehículos que o integran, e que xa está adxudicado o contrato para o control de flota e que se vai proceder á súa instalación por fases e se vai proceder á xeolocalización de todos os vehículos. Sinala o voto en contra do grupo popular.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que cando na moción se fala do respecto ao medio ambiente se trata de dar imaxe, e que o emprego do transporte público e un uso racional dos recursos públicos cala na poboación. Sinala que non se van meter no que pasou no ano 2019 na cidade de Ourense, porque non se dan as mesmas circunstancias, e lembra que nese ano 2019 o grupo socialista trouxo a este pleno unha moción similar para o control do parque móbil, e que, neste tempo, houbo persoas e un vehículo desta administración que nestes anos levou dez multas, e non se pode permitir un uso indiscriminado e que a imaxe destes anos non foi boa, e que se trata de democratizar e racionalizar o uso de elementos públicos, e que pode que hoxe non se aprobe esta moción polas ausencias que hai, pero que se aprobará a próxima vez que se traia, xa que van a insistir niso por consideralo imprescindible para esta administración.

- 2ª intervención Rafael Martínez (grupo de DO): Nesta quenda sinala que a súa intervención foi en positivo e que van votar a favor, pero entende que hai certos parágrafos da moción que son mellorables. Engade que os políticos, na maioría dos casos, son o problema. Así, entende que o que se pide na moción, levaría moita burocracia, e engade que a referencia ao cambio climático pouco ten que ver con dar imaxe, lembrando que nunha entrevista recente o presidente do PS de G-PSOE, Valentín Sánchez Formoso, emprega tres vehículos, o seu propio, o de Presidencia da Deputación e o do PS de G-PSOE, lembrando que ten dous choferes, e que seguramente o fará tamén cos teléfonos, polo que entende que este non é para nada práctico e

que en DO son moitos máis básicos, por iso consideran que as mocións deste tipo son unha tomadura de pelo e que a xente non é tonta.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para matizar que non concorda co afirmado polo deputado Rafael Martínez Cachafeiro de que os políticos son un problema, lembrándolle que el aquí e agora é político e que está facendo política, entendendo que esta non debe ser un problema, senón tentar dar solucións á cidadanía que melloren a súa calidade de vida. Indícalle á voceira do PP que ten que haber algún problema porque senón a situación non sería sido a que foi, que algo hai que mellorar, e que se todo fose ben sería doado identificar aos condutores, e a Deputación pagou sancións porque non se puido. Sinala que o grupo do PP debería apoiar esta moción, porque o máis normal é que a próxima vez si o sexa, polo que o máis sinxelo será borrón e conta e nova, porque isto se vai volver traer senón se aproba neste pleno.

- 2ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): Nesta quenda sinala que non é que non estean a favor do control e do regulamento, pero é que xa existe, e os que estamos aquí non imos facer un mal uso dos vehículos do parque móbil provincial. Non é cuestión de ter agora a votación favorable, senón que creen que a situación, co contrato que se acaba de adxudicar, queda controlada.

- quenda de peche Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que neste últimos anos todos sabemos o que se viu e o uso que se fixo dos vehículos, polo que entende que o regulamento existente ou non é suficiente ou non se aplica. Respecto ao afirmado polo deputado Rafael Martínez Cachafeiro sinala que o grupo socialista si cree na política e están aquí para tratar de dignificala. O que pasou, pasou, e todos o sabemos, e se trata dunha moción en positivo para mellorar o control e que non se volvan producir feitos como os que pasaron nos últimos anos e que se trata en todo caso de racionalizar e mellorar o uso dos recursos públicos.

A Presidencia toma a palabra antes da votación para sinalar que o grupo de goberno pode concordar coa filosofía da moción, pero tamén entende que hai certa dose de oportunismo e agarda que non se dean motivos para traer a moción de novo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), de DO (2) e do BNG (2), e o voto en contra do Grupo Popular (12).

9º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA A INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A UN CAMBIO NO MODELO DE FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS NA LOITA CONTRA O DESPOBOAMENTO E O ENVELLECIMENTO POBOACIONAL.-

O Sr. presidente manifesta que entre os grupos chegaron a un acordo conxunto, polo que lles cede a palabra aos portavoces para que expoñan a súa postura.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): Toma a palabra nesta primeira quenda para agradecer a todos os grupos que a pesar de que a iniciativa orixinal é do grupo do PP, se chegou a un acordo conxunto de todos os grupos con representación neste pleno. O documento de consenso elaborado polos catro grupos presenta as seguintes propostas de acordo: 1º.- Instar ao Goberno España a adoptar un sistema de discriminación positiva en materia fiscal, administrativa e de financiamento, para que as entidades locais poidan implantar medidas de loita contra o envellecemento e o despoboamento, mediante a creación e mellora dos servizos públicos prestados. 2º.- Instar ao Goberno de España a que poña en marcha unha estratexia clara de loita contra o envellecemento e o despoboamento, coa implicación directa das entidades locais. 3º.- Instar ao Goberno de España e ao Goberno da Xunta de Galicia a asumir unha mellora nos criterios de reparto de fondos que posibilite o aumento dos ingresos que perciben as entidades locais para lograr unha auténtica suficiencia financeira posibilitando que sexan estas entidades como mellores coñecedores da situación no seu territorio os que decidan como se distribúen os fondos. 4º.- Instar ao Goberno España a aumentar a porcentaxe da cesión da recadación dos impostos do Estado ás entidades locais, sendo u despoboamento e o envellecemento poboacional criterios correctores. 5º.- Instar a Xunta de Galicia a aumentar a achega ao fondo de cooperación local. 6º.- Instar ao Goberno de España a que unha parte do fondos NEXT GENERATION sexan distribuídos con criterios equitativos entre todas as entidades locais de Galicia, favorecendo a chegada de fondos aos concellos máis pequenos e sempre cunhas liña claras de cara onde deber ir dirixidos eses fondos. 7º.- Instar á Xunta de Galicia a unha estratexia clara de loita contra o envellecemento e o despoboamento, a unha mellora nos criterios de reparto de fondos que permita o aumento dos ingresos e a da achega económica ás entidades locais para lograr suficiencia financeira posibilitando que sexan as entidades locais como mellores coñecedores da situación no seu territorio, as que decidan como se distribúen eses fondos. 8º.- Instar ao Goberno de España a que se tramiten ao mesmo tempo,

e de xeito paralelo, a modificación do financiamento autonómico e local. 9º.- Darlles traslado dos acordos á FEGAMP e á FEMP para que asuman como propias estas demandas.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza a súa intervención sinalando que se trata dunha cuestión consensuada entre todos os grupos políticos e que todos eles votarán a favor xa que se trata dunha demanda moi necesaria para a nosa provincia.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda sinala que a moción orixinal era do PP e que se fixeron unha serie de observacións polo grupo do BNG, como foron o de incluír aos concellos, xa que a proposta inicial referíase en especial ás deputacións, engadir a referencia á distribución dos fondos Next Generation ou facer tamén fincapé nas demandas de financiamento á Comunidade Autónoma. O problema actual é que os orzamentos das distintas administracións, AXE e CCAA e o que achega a UE, só destinan un 10 % ás EELL, e isto é claramente insuficiente, o que se agrava co feito de ser a administración máis próxima á cidadanía, o que incrementa a demanda de solucións ás situacións cotiás. Ademais na FEMP están sobrerrepresentadas as grandes cidades e as deputacións, e estas perciben máis fondos por veciño/a que os concellos medianos e pequenos, o que se agrava en Galicia coas circunstancias específicas do noso territorio, con moita dispersión e unha orografía que dificultan e encarecen a prestación dos servizos públicos. O BNG leva reclamando nos últimos anos que se mude o modelo de financiamento das EELL tanto por parte do Estado como por parte da Comunidade Autónoma, e a situación actual fai moi difícil a xestión municipal, especialmente nos medianos e pequenos concellos, xa que necesitamos financiamento e soltar competencias que non nos son propias, como os gastos enerxéticos ou do bedel dun colexio, dun centro médico, ou os servizos sociais, que claramente lle corresponden á administración autonómica.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Nesta quenda sinala que para avanzar hai que ser conscientes das eivas e por iso valoramos moi positivamente esta moción de consenso, que reflicte o grave problema que padecen os nosos concellos, e asume que verbas como envellecemento, despoboamento, dispersión...deben figurar nas políticas públicas desta Deputación, e indica que se deben engadir verbas como reequilibrio territorial e discriminación positiva para as provincias do interior. A moción orixinal pretendía reclamar maior financiamento do Estado, pero lembra que o financiamento autonómico é igual de importante, e que o grupo socialista en lugar de poñerse á defensiva considera insuficientes os recursos que o Estado, a Xunta e esta Deputación poñen a disposición dos concellos da provincia de Ourense. Cada día os concellos deben prestar máis servizos que demandan os cidadáns e que non son competencias propias, por iso é urxente que se modifique e se clarifique o ámbito

competencial dos concellos, e se deben ampliar as achegas das CCAA aos concellos ao mesmo tempo e en paralelo, con maior cesión na participación dos tributos destas. Os concellos non precisamos tutela, polo que deben finalizar as subvencións condicionadas, o que precisamos son fondos adicionais e incondicionados. Por último di que esta moción debe levar implícito que a Deputación vai mudar e ampliar o reparto de fondos para os concellos da provincia no próximo plan único que se traia ao pleno desta Deputación.

- 2ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): Sinala que un dos principais retos dos concellos é non perder poboación, e iso significa mellorar a calidade de vida da veciñanza, e facer o municipio máis atractivo. Actualmente debemos facer malabarismos para prestar os servizos que se nos demandan, e cada vez é máis complicado, gastos enerxéticos, de persoal, de materiais...pero os ingresos son deficientes. Non por vivir no rural temos que ter peores servizos, polo que é moi importante ser conscientes e insistir nesta fórmula que mellora a capacidade de financiamento dos concellos, que é a administración máis próxima á cidadanía.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Lembra que a propia existencia do partido de DO xurde da consciencia que se tomou sobre a discriminación da nosa provincia nos orzamentos do Estado e da Xunta de Galicia. As provincias do interior de Galicia son claramente discriminadas, e reciben menos fondos cando o servizo per cápita é moito máis caro, o que é unha situación paradoxal. Os concellos están asumindo competencias que son claramente da Comunidade Autónoma ou do Estado, todo isto porque os veciños veñen chamar á porta dos concellos, non doutras administracións.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza pondo como exemplo o feito de que o Estado e as CCAA, despois do récord de recadación por tributos, incrementaron o financiamento das CCAA máis dun 10 % e só un 2 % no caso das EELL. Os grandes partidos falan desa suposta “España baleirada” en campañas electorais, pero xamais o aplican. Os conceptos nos que os concellos teñen certa capacidade son o IBI e o IVTM, pero as regulacións do Estado nunca compensan os ingresos que deixan de percibir os concellos. Engade que os concellos non poden repercutir o IVE, e que lle entregan ao Estado a recadación. A situación é lamentable e en boa medida, insostible, e que hai concellos que van ter serios problemas para a prestación de servizos axeitados.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Nesta quenda sinala que o tema do IVE é moi indignante pero que está como está. A diagnose a temos clara todos, e os concellos non temos marxe ningunha para incrementar a tributación ou os recursos propios. Debe negociarse a modificación da lei de bases de réxime local, e a negociación do financiamento municipal debe ir de xeito paralelo á negociación do financiamento autonómico. Debemos

apertar ao Estado para que incremente a achega, e o Fondo de compensación da Xunta de Galicia urxe unha ampliación e incremento importante de cara aos nosos concellos, e todos nós, desde as nosas responsabilidades, debemos insistir neste tema, lembrando tamén a necesidade dun reparto xusto e equilibrado por parte desta Administración provincial.

- quenda de peche Ana Patricia Torres (grupo do PP): Remata indicando que é unha reivindicación xusta e que nos abrangue a todos, agradecendo o entendemento de todos os grupos para a adopción deste acordo conxunto por parte de todos os grupos políticos provinciais.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Goberno España a adoptar un sistema de discriminación positiva en materia fiscal, administrativa e de financiamento, para que as entidades locais poidan implantar medidas de loita contra o envellecemento e o despoboamento, mediante a creación e mellora dos servizos públicos prestados.

2º.- Instar ao Goberno de España a que poña en marcha unha estratexia clara de loita contra o envellecemento e o despoboamento, coa implicación directa das entidades locais.

3º.- Instar ao Goberno de España e ao Goberno da Xunta de Galicia a asumir unha mellora nos criterios de reparto de fondos que posibilite o aumento dos ingresos que perciben as entidades locais para lograr unha auténtica suficiencia financeira posibilitando que sexan estas entidades como mellores coñecedores da situación no seu territorio os que decidan como se distribúen os fondos.

4º.- Instar ao Goberno España a aumentar a porcentaxe da cesión da recadación dos impostos do Estado ás entidades locais, sendo u despoboamento e o envellecemento poboacional criterios correctores.

5º.- Instar a Xunta de Galicia a aumentar a achega ao fondo de cooperación local.

6º.- Instar ao Goberno de España a que unha parte do fondos NEXT GENERATION sexan distribuídos con criterios equitativos entre todas as entidades locais de Galicia, favorecendo a chegada de fondos aos concellos máis pequenos e sempre cunhas liña claras de cara onde deber ir dirixidos eses fondos.

7º.- Instar á Xunta de Galicia a unha estratexia clara de loita contra o envellecemento e o despoboamento, a unha mellora nos criterios de reparto de fondos que permita o aumento dos

ingresos e a da achega económica ás entidades locais para lograr suficiencia financeira posibilitando que sexan as entidades locais como mellores coñecedores da situación no seu territorio, as que decidan como se distribúen eses fondos.

8º.- Instar ao Goberno de España a que se tramiten ao mesmo tempo, e de xeito paralelo, a modificación do financiamento autonómico e local.

9º.- Darlles traslado dos acordos á FEGAMP e á FEMP para que asuman como propias estas demandas.

10º.- MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR A EXECUCIÓN TOTAL DO VIARIO DE CONEXIÓN ENTRE A N.525 E BARROCÁS QUE PERMITA MELLORAR OS ACCESOS AO CHUO E DESCONXESTIONAR AS RÚAS MARCELO MACÍAS E RAMÓN PUGA.-

O Sr. presidente anuncia que neste punto tamén se chegou a un acordo conxunto e cédelle a palabra aos grupos para que expoñan as súas posturas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención María Mangana (grupo do BNG): Comeza sinalando que a conexión entre a N-525 e o Complexo Hospitalario de Ourense é unha vella demanda que foi obxecto de preocupación nos diferentes plans de urbanismo e nos debates sobre a mobilidade da cidade de Ourense e da súa contorna. O pasado 2 de agosto de 2023, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, avanzaba a licitación da redacción dun proxecto de novo acceso ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense desde a N-525 que suporá un investimento estimado de 5 M€. Porén, coñecida a información ao respecto, obsérvase que esta sería unha intervención parcial, pois non abranguería as necesidades de conexión con Barrocás e a desconxestión do eixo Ramón Puga-A Saínza, limitándose a aliviar a carga de Marcelo Macías. Así, a previsión da Xunta de Galiza é a de impulsar unha nova vía que terá 640 metros de lonxitude e conectará a N-525 coa avenida do Regato cara á avenida de Zamora. O novo acceso disporía de dúas calzadas, cada unha con dous carrís de circulación, separadas por mediana axardinada c un investimento estimado en torno aos 5 M de € co obxectivo de telo ultimado para sometelo a información pública a mediados de 2024. Esta previsión obvia o principal problema existente que é o colapso da rúa Ramón Puga tendo en conta que autobuses, ambulancias, vehículos que acceden a urxencias e consultas, o tráfico ordinario que vai cara Barrocás e Rairo, e os vehículos que entran e saen do aparcadoiro do Hospital, están obrigados a acceder por unha vía de un único carril en cada sentido. Xa no PXOM do ano 2013 contemplábase unha solución prevista, cun viario ata Barrocás, idea na que continuaba en

novembro de 2014 o Plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia, declarado como de incidencia supramunicipal polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2013. Compre ter en conta que tras 23 anos de vicisitudes, que provocaron que a Área de Reparto da finca Santa Mariña na que a maioría da propiedade era da inmobiliaria Flager, agasallo de Baltar no ano 2000, e do Corte Inglés, que tiña á Deputación como socio maioritario na Xunta de compensación, a Deputación recuperou parte da superficie vendida a Flager, ao entrar en concurso de acredores. O que supón que actualmente a Deputación e Urbaourense, teñen o 51% da superficie da Área de Reparto da finca Santa Mariña. O que ten unha enorme relevancia para a proposta que o grupo provincial do BNG traslada a este pleno, que é atravesar esta finca e chegar ao corazón do CHUO e evitar todos os problemas de circulación que leva consigo volver meter outra vez os vehículos á rúa da Sainza e a rúa Ramón Puga. É preciso que a Xunta aborde unha reforma máis ambiciosa e integral que contemple as solucións precisas para a reordenación dos accesos ao CHUO e evite un novo parque como se fixo na remodelación desta infraestrutura, tanto no perímetro como nos seus edificios, e que evite desperdiciar tempo e recursos como aconteceu nas reformas da avenida de Otero Pedrayo ou Marcelo Macías, oportunidades perdidas para a mobilidade da cidade e da súa contorna. Por todo isto, o Grupo Provincial do BNG presentou os seguintes acordos para debate en pleno da Deputación de Ourense: 1.- A Deputación Provincial de Ourense insta a Xunta de Galiza a impulsar as medidas oportunas para garantir que a futura conexión entre a N-525 e o Complexo Hospitalario de Ourense se realice de maneira integral abranguendo ata o barrio de Barrocás tal e como está previsto no PXOM de 2013, e que ese vial poida posibilitar o acceso directo dos vehículos ao CHUO e desconxestionando o tráfico tanto de Marcelo Macías como de Ramón Puga, evitando solucións parciais que non resolvan as dificultades de mobilidade existentes. 2.- A Deputación de Ourense, como propietario maioritario na finca Santa Mariña, comprométese a por en marcha os mecanismos administrativos necesarios para poder facer realidade esta infraestrutura nos terreos que maioritariamente son da súa propiedade, ben de xeito directo ou ben a través de Urbaourense. 3.- A Deputación Provincial de Ourense insta a Xunta de Galiza a consignar o orzamento preciso para esta infraestrutura no exercicio 2024. Esta proposta resumíuse nun acordo conxunto de todos os grupos, pero que liga a obra á aprobación do PXOM de Ourense, cuestión na que non estamos completamente de acordo, por entender que non é estritamente necesario se nos valem das previsións da Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, que permitirían a execución desta obra sen precisar a aprobación do PXOM. É certo que esta infraestrutura ten que realizala a Xunta de Galicia e debemos instala, tendo en conta o proxecto

presentado polo concello de Ourense en 2013, e desbotar o proxecto presentado pola Xunta de Galicia, por non ser suficiente.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que se deben resolver os grandes problemas de tráfico para acceder ao CHUOU, ao barrio de Boarrocás ou Taín, ou outros núcleos como Rairo ou O Cumial. Na comisión informativa abstivémonos pola referencia á tramitación do PXOM, que agora se resolve con esta moción conxunta.

- 1ª intervención Áurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para sinalar que se trata dunha moción consensuada e todos estamos de acordo nesta necesidade. Dende os Remedios ata o CHUOU hai 18 semáforos que deben sortear as ambulancias e demais vehículos que acceden ao complexo hospitalario, e todos eles pasando polas mesmas vías que teñen moita conxestión de tráfico en horas punta. Esta vía da que estamos a falar lles daría acceso ao complexo hospitalario e aos barrios que se citan na moción, e sen necesidade de cruzar toda a cidade. Os hospitais de referencia de Galicia teñen todos un acceso directo desde vías de alta capacidade, como se pode comprobar nas cidades de Lugo, Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo. O único hospital de referencia con acceso a través das rúas da cidade é o de Ourense. Para rematar quere facer memoria sobre as derradeiras actuacións da Xunta de Galicia na cidade de Ourense, que non é tratada como é debido, Estación Intermodal, Eulogio Gómez Franqueira, Avenida Otero Pedrayo, que foi unha clara oportunidade perdida, a Residencia de Maiores da Fundación Amancio Ortega, o Centro de atención para persoas con discapacidade, aínda sen funcionar e que xa se tratou polo miúdo neste pleno, a rúa Marcelo Macías, a ronda Este OU-510 a altura de Ceboliño, o campo de fútbol de O Couto, que está en obras para alongar a súa vida útil, e que ten xa 75 anos, e que esta cidade merecía unha instalación nova.

- 1ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Comeza indicando que a moción do BNG é en positivo e por isto amosa o seu agradecemento, e que se trata dunha moción con carácter máis provincial que local. Sobre os antecedentes da moción sinala que se obvia que este proxecto non ven de agora, e que estaba contemplado nos PXOM de 2003, aprobación inicial 2013 e na aprobación provisional de 2019. É algo moi importante para a mobilidade da cidade e do barrio de Mariñamansa e de claro interese xeral, por darlle un acceso directo ao CHUOU desde a A-52. Este proxecto foi presentado en maio de 2023 polo grupo popular e en agosto xa se comezou o proceso de licitación desta obra, que conta cun orzamento en torno aos cinco millóns de euros, e que posteriormente se faría o acceso a Barrocás, que é unha obra de vía pública urbana. Primeiro debe facerse o acceso directo ao CHUOU, e que hai unhas tres mil persoas traballadoras que diariamente acoden ao complexo hospitalario e unhas catro mil visitas

diarias. Sobre os terreos da finca Santamarina lembra que son propiedade dunha xunta de compensación e na que a Deputación ten unha porcentaxe de participación. Por último, respecto á intervención do voceiro do grupo socialista que critica as actuacións da Xunta de Galicia nesta cidade, lembra que o goberno do Estado leva desde o 10 de decembro de 2021 para pode facer o túnel de Ramón Puga para a chegada a Barrocás, e onde o concello xa achegou o 50 % do importe, e na data actual aínda non se licitaron as obras, nunha situación de risco para todos os peóns que diariamente circulan por esa vía.

- 2ª intervención María Mangana (grupo do BNG): Nesta segunda quenda sinala que sobre o tema da finca Santamarina seguimos pensando que debe ser un pulmón verde para a cidade e pode seguir séndoo, buscando unha forma integral para facer esa vía. Con respecto ao proxecto actual da Xunta de Galicia o principal problema é que as ambulancias teñen que chegar ás urxencias, non só ao aparcamento, polo que habería que mudar sentidos de circulación e non salvamos o problema prioritario de Ramón Puga. Engade que sobre a obra do túnel de Ramón Puga o BNG leva varios anos reclamando a execución desta actuación.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza lembrando a obra pendente da execución do túnel de Ramón Puga, e recoñece que o BNG leva anos reclamando a súa execución. Remata indicando o voto favorable do seu grupo e agarda que sirva para presionar e que esta obra se leve a cabo canto antes.

- 2ª intervención Áurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza afirmando que a Xunta de Galicia non inviste con cariño na cidade, e pon como exemplos os derradeiros tramos soterrados en Santiago, Vigo ou A Coruña, e que non se executan na cidade. A continuación compara os investimentos da Xunta anunciados no Hospital da Mariña e no Hospital de Valdeorras, no centro de saúde de Lalín e no centro de saúde da Rúa, e onde os da nosa provincia saen moi mal parados na comparación.

- 2ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Nesta quenda matiza que con este viario que se vai facer pola Xunta se vai reducir o tráfico de ambulancias polo centro de Ourense, xa que o acceso chega á rotonda de Mariñamansa, de aí vaise ao aparcamento, e o CHUOU vai facer directo un acceso ás urxencias do hospital, polo que as ambulancias non van ter que circular pola rúa Ramón Puga. Lembra que a Deputación de Ourense xa cooperou economicamente na última ampliación do CHUOU. Por último agradece o ton e o acordo de todos os grupos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- A Deputación Provincial de Ourense insta a Xunta de Galicia:

- Impulsar as medidas oportunas e consignar o crédito orzamentario necesario para garantir que a futura conexión entre a N-525 e o Complexo Hospitalario de Ourense, posibilite o acceso directo dos vehículos ao CHOU, e desconxestionar o tráfico tanto de Marcelo Macías, como Ramón Puga.

2.- A Deputación de Ourense como propietario maioritario da finca Santa Mariña, comprométese a por en marcha os mecanismos administrativos necesarios, para poder facer un viario urbano ata Barrocás, integrado coa gran zona verde prevista nesta finca; unha vez aprobado definitivamente o PXOM do Concello de Ourense, ou ben, incorporándose este viario no plan sectorial da rede viaria de Ourense, aprobado polo Consello da Xunta o 10 de xaneiro de 2013.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A ACTIVACIÓN DUN PLAN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2023-2024.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Procede a expoñer a moción do seu grupo. O pasado 11 de setembro, preto de 35.000 ourensáns deron comezo ao curso máis caro da historia para as familias. Nunha conxuntura de elevada inflación, situándose xa os gastos escolares medios do curso 2022-2023 en Galicia nos 1.287 euros, segundo a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU), o desembolso mínimo en libros de texto sitúase en algo máis de 200 euros para un alumno de infantil e case que 400 euros para os estudantes de secundaria, ao cal hai que engadir a adquisición de licencias dixitais, material escolar, cotas da AMPA, excursións, actividades e outro tipo de gastos, en función dos diferentes centros educativos. Así as cousas, diante das actuais circunstancias caracterizadas por unha suba xeneralizada de prezos, o comezo do curso supón un duro golpe para as malparadas economías domésticas.

A situación devén aínda máis dramática se atendemos ao feito de que Ourense sitúase no vagón de cola do Estado español en canto a ingresos medios. Á luz dos datos vertidos pola Axencia Tributaria relativos ás declaracións do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas da Provincia, en 2022 un ourensán cobrou 1.500 euros brutos menos ao ano que a media de Galicia, non

chegando os ingresos de case a metade dos contribuíntes aos 12.000 euros anuais e ganando máis dun 30% dos habitantes da provincia menos de 6.000 euros por exercicio. Cobran aquí nomeada relevancia algunhas das conclusións da edición para España do Informe Europeo de Pagamento de Consumidores elaborado pola consultora Intrum, destacando que un 76% dos fogares van ter que endebedarse a través de préstamos ou anticipos de tarxeta para adquirir os libros de texto e material escolar dos seus fillos, véndose ameazada a estabilidade dun número consecuente de familias da nosa provincia. Para o grupo provincial do PSdeG-PSOE, diante deste panorama a política de axudas do goberno da Xunta de Galicia é a todas luces insuficiente. Porén do triunfalismo amosado polo presidente Alfonso Rueda o pasado 1 de setembro, cando anunciou un incremento na contía das axudas e a ampliación da base de beneficiarios, estas non chegan ou non son suficientes para o groso de familias de clase media da nosa provincia. A modo de exemplo, a Xunta de Galicia, que di aumentar un 40% dos beneficiarios das súas axudas para material escolar, prevé achegas de entre 60 e 75 euros para familias con ingresos iguais ou inferiores a 10.000 euros anuais, evidenciando que estas axudas non se dirixen ás nosas clases medias, xa que no cómputo para 2022 a contía do Salario Mínimo Interprofesional, incluídas as pagas extraordinarias, foi superior aos 14.000 euros para traballadores con xornada legal completa. Atendendo á particular conxuntura económica que atravesa o país, o perfil socioeconómico das familias da provincia de Ourense, e a insuficiencia da política de axudas da Xunta de Galicia, non dirixidas en xeito algún a paliar o esforzo pecuniario das clases medias da nosa provincia co gallo do inicio do curso escolar, alén da colaboración dalgún concello puntual da provincia; o Grupo Provincial Socialista require da Deputación de Ourense a activación dun plan de axudas para a adquisición de libros e material escolar dirixido ás familias do alumnado de calquera nivel educativo non universitario empadroado en concellos ourensáns de menos de 20.000 habitantes para este mesmo curso escolar 2023/2024. Polo exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRO.- Que a Deputación de Ourense poña en marcha un plan de axudas con vocación de permanencia para a adquisición de libros e material escolar dirixido ás familias do alumnado de calquera nivel educativo non universitario (infantil, primaria, secundaria e bacharelato) empadroado en concellos ourensáns de menos de 20.000 habitantes para este mesmo curso escolar 2023/2024. Toda vez o curso actual xa está iniciado, as axudas pagaranse con efecto retroactivo. SEGUNDO.- Que a contía destas achegas oscile entre os 100 e 250 euros sendo beneficiarias as unidades familiares con ingresos inferiores ao 3 do Indicador Público de Renda a Efectos Múltiples (IPREM). O IPREM en 2023 é de 8.400

euros anuais, co cal, se o multiplicamos por tres, a cifra é de 25.200 euros: se as unidades de convivencia non superan este monto son elixibles para solicitar a axuda.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza indicando que nesta moción sería moi fácil caer na demagoxia, pero parece que as EELL, neste caso a Deputación, tería que asumir as competencias e gastos doutras AAPP, especialmente da Xunta de Galicia, lembrando que moitos concellos están aprobando liñas de subvencións para aqueles supostos nos que as da Xunta non chegan. Os únicos culpables neste eido da educación son o Estado e a Xunta de Galicia, e estas competencias as teñen que asumir eles, polo que os concellos temos que empezar a plantarnos e facerlle ver á cidadanía quen é o verdadeiro responsable de cada servizo que se presta. Remata indicando que non se van opoñer á moción, pero se van abster.

- 1ª intervención María Mangana (grupo do BNG): Toma a palabra para sinalar que a liña argumental do BNG é similar a de DO, xa que consideran que as competencias educativas na súa totalidade son da Xunta de Galicia e concretamente da Consellería de Educación. O gasto o ten que asumir a propia Xunta e non trasladarlllo á Deputación de Ourense, polo que se posicionan en contra desta iniciativa política.

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): Di que un principio básico dentro da boa administración, é o de que “unha administración, unha competencia, e un financiamento”. Afirma compartir en parte os argumentos de DO e do BNG, xa que a competencia claramente é da Xunta de Galicia, e que esta competencia se está prestando pola administración autonómica, que ten articulado un sistema de axudas no ensino obrigatorio. Existe un programa de axudas para libros e material escolar no que se distribúen os fondos en función da renda das familias. No ensino non obrigatorio outras AAPP poderían complementar os programas da administración autonómica, e aquí os concellos coñecen mellor as necesidades do alumnos, especialmente na educación infantil e segundo a información que trasladan os propios centros educativos. Remata indicando que o grupo do PP vai votar en contra desta iniciativa, e sería bo que este tipo de propostas viñesen acompañadas dunha memoria económica para coñecer o verdadeiro importe que habería que asumir.

- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que lle sorprende o cambio de criterio dos grupos dependendo do foro onde se debate este asunto, especialmente nos concellos, e que lle parece increíble que se comporten deste xeito. O programa da Xunta de Galicia é claramente insuficiente e os concellos, especialmente os pequenos, non teñen fondos para asumir estas axudas tan necesarias para as familias, lembrando que o vicepresidente segundo e voceiro do PP denunciou estas axudas cando as anunciou no mes de agosto o grupo socialista no concello de Ribadavia. Xa son varios os concellos da provincia que contan con

axudas deste tipo para as familias que o necesitan. As etapas de infantil primeira e segunda non son obrigatorias, pero merecen axuda para libros e material escolar, que si utilizan, e que poden chegar aos trescentos euros por alumno. Concellos como O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Ribadavia ou O Carballiño dispoñen de orzamentos para este tipo de axudas porque hai vontade política e fondos para isto. Tamén hai deputacións que financian este tipo de axudas para os concellos, como por exemplo a Deputación de Ciudad Real desde o ano 2015. Finalmente insta ao presidente provincial a que sexa sensible con esta necesidade dos concellos con menos recursos e das familias que viven neles.

- 2ª intervención María Mangana (grupo do BNG): Sinala que están de acordo en que existe un elevado gasto para as familias co comezo do curso, pero a posición é clara, xa que a competencia é autonómica e esta administración é a que debe exercela por medio da Consellería de Educación, con incremento das contías e do número das axudas. Igual sucede co programa de becas, que precisa de incremento de contías e do número de axudas. Remata indicando que nin concellos nin deputacións teñen competencias propias neste eido da educación e de material escolar, polo que o voto do BNG vaia ser negativo.

- 2ª intervención César Fernández (grupo do PP): Sobre o exemplo da Deputación de Ciudad Real, lembra que o PS de G-PSOE goberna en dúas deputacións de Galicia e non ten implementadas este tipo de axudas. A Deputación coopera en diferentes liñas cos concellos da provincia, pero esta en concreto non é propia da Deputación, senón da Xunta, e esta xa conta con axudas establecidas con criterios de renda. Por último lembra que se falou por parte do grupo socialista do inicio do curso máis caro da historia, e que quizás deben preguntarse quen goberna no Estado e de quen é a responsabilidade.

- quenda de peche Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Nesta quenda comeza sinalando que menos mal que nos últimos anos non gobernou no Estado a dereita e a ultradereita. Sinala que ao mellor se debería copiar o modelos da Deputación de Ciudad Real, indicando que o grupo de goberno vota a favor das mocións cando non hai que poñer cartos, pero non cando hai que achegar fondos propios da Deputación, polo que lle deben explicar ás familias con menos recursos da provincia porqué non implementan estas axudas.

- A Presidencia toma a palabra lembrando que ningunha das deputacións galegas con gobernos do PSOE implantou este tipo de axudas, e que a responsabilidade de gobernar implica a toma de decisións, sendo moi fácil presentar este tipo de iniciativas, onde non hai competencias, desde a oposición.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), o voto en contra do Grupo Popular (12) e do BNG (2) e a abstención de DO (2).

12º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR POLA IGUALDADE DE TODOS OS ESPAÑOIS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): Procede a expoñer a iniciativa política do seu grupo. Hai 45 anos os españois acordamos unha Constitución pola que nos convertemos nunha nación de cidadáns libres e iguais. Foi un acordo histórico, referendado pola inmensa maioría da sociedade que buscaba poñer fin a tres séculos de división e enfrontamento.

Un acordo froito do entendemento entre as dúas forzas políticas maioritarias e que tamén se abriu ao conxunto de partidos políticos democráticos. Un acordo que desde o seu artigo primeiro recoñecía a igualdade como un valor supremo do ordenamento xurídico, que no seu artigo 9 obrigaba aos poderes públicos a que as condicións para a igualdade do individuo e dos grupos sexan reais e efectivas e que era necesario remover os obstáculos que a dificultaban. Non só iso, no artigo 14 estableceuse como o primeiro dos dereitos e liberdades o que “Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”. Por tanto, a igualdade entre os españois é un dos principios que forman o noso ordenamento democrático e uns dos piares sobre os que se asenta a nosa convivencia. Unha igualdade dos españois independentemente de onde vivan polo que este principio vén complementado co de solidariedade, tal e como recolle o artigo 138 cando se afirma que “O Estado garante a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 da Constitución, velando polo establecemento dun equilibrio económico, adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español, e atendendo en particular ás circunstancias do feito insular” e rexeitando que as diferenzas entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas puidesen implicar privilexios económicos ou sociais. Ao longo do desenvolvemento do noso proceso autonómico os diferentes territorios foron converxendo nuns

niveis de autogoberno que fixo de España un modelo de descentralización. Un proceso que permitiu que o noso país sexa un moderno Estado social e de Dereito, grazas á tarefa que desempeñan todas as institucións do Estado, tanto o Goberno central como das Comunidades Autónomas, os Concellos, as deputacións, os consellos e cabidos insulares, e as institucións forais. Ademais, ao longo destas décadas, o Tribunal Constitucional foi o garante de que a lexislación, e, de modo singular, os Estatutos de Autonomía, enmarcásense sempre de acordo con as previsións da nosa Carta Magna. Este desenvolvemento político, xurídico e administrativo viuse enriquecido coa nosa participación na Unión Europea, un modelo de solidariedade entre pobos e territorios. Toda esta bagaxe vese ameazado hoxe por proxectos que buscan romper a igualdade e solidariedade entre os españois, así como por propostas de mutación constitucional que promoven consagrar a desigualdade e o privilexio entre territorios e cidadáns. Unha desigualdade que se ve acentuada no día a día dos españois polas tensións económicas, tecnolóxicas e demográficas. Hoxe, en España, a igualdade está máis ameazada que nunca. Por todo iso, é necesario afrontar con decisión cuestións que dividen aos territorios como é o referente á auga, os retos dun Estado de benestar ante unha realidade social en profunda transformación e a necesidade de consolidar os fundamentos da nosa economía. Ademais, a rexeneración institucional e alcanzar un novo pacto territorial que entre outras cuestións complete o previsto na Constitución supoñen obxectivos inaprazables. Ao longo destas máis de catro décadas os dous principais partidos soubemos chegar a acordos para afrontar os diferentes desafíos e retos, desde os de índole social e económica a través dos Pactos da Moncloa, o terrorismo a través do Pacto polas Liberdades, a violencia machista a través do Pacto contra violencia de xénero e o desafío secesionista de 2017 a través da aplicación do artigo 155. Xuntos fixemos a España protagonista na Unión Europea e asumimos numerosos compromisos internacionais. Atopámonos ante un novo desafío histórico no que unha minoría populista e radical pretende impoñer a ruptura da igualdade entre os españois e, para iso, beneficiase da falta de capacidade de chegar a un gran acordo nacional por parte dos dous partidos maioritarios. Unha vez máis os españois debemos dar o mellor de nós mesmos. Do mesmo xeito que sucedeu en 1978, con xenerosidade e altura de miras, os partidos maioritarios debemos poñer as bases da nosa convivencia e afrontar as ameazas que temos como nación para seguir construíndo unha sociedade moderna, avanzada e plural. O que é de todos débese decidir entre todos e non se pode someter os fundamentos do consenso constitucional ao capricho dunhas minorías por influentes que poidan resultar ao beneficiarse dunha conxuntura parlamentaria determinada. É necesario buscar un gran acordo que consolide todo o avanzado nestes 45 anos, blinde a igualdade dos españois e afronte os principais retos que temos nesta

terceira década do século XXI. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes acordos: PRIMEIRO.- Recoñecemos que España é unha nación de cidadáns libres e iguais en dereitos e obrigacións. SEGUNDO.- Rexeitamos calquera proxecto que trate de romper a igualdade ou de recoñecer privilexios a cidadáns ou territorios en calquera parte de España e que atente ao disposto pola Constitución española. TERCEIRO.- Propoñemos un gran acordo nacional que afronte os principais desafíos que temos: a rexeneración institucional, o Estado de Benestar, os fundamentos da nosa economía, un pacto polas familias, un pacto pola auga e un pacto territorial. CUARTO.- Urximos ao Goberno a que propoña un modelo de financiamento Autonómico que garanta os principios de igualdade e solidariedade e que sexa froito do acordo entre todos. Rexeitamos calquera privilexio unilateral á marxe do acordo entre todas as CCAA. QUINTO.- Reclamamos ao Goberno que garanta un marco de financiamento de Concellos, Deputacións e Cabidos baseado na suficiencia, a solidariedade e a equidade. SEXTO.- Dar traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e ministerio de Traballo e Economía Social, ao ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así como á Xunta de Goberno da FEMP.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que o PP ten un grave problema, un elefante na habitación, e que chama á mobilización, á que o señor Feijó se ve arrastrado, como pasa con esta moción, para goce da señora Ayuso. Que o PP se deixe levar pola batuta do señor Aznar, por unha presunta desintegración de España, ante unha suposta amnistía, que vai afectar a un número de persoas moi inferior á amnistía fiscal para defraudadores fiscais que o PP levou a cabo, é sorprendente, todo isto mentres lle chamaba a ETA “Movemento de liberación vasco”, falaba catalán na intimidade e lle cedía ao señor Pujol máis e máis competencias. Ao tempo Aznar poñía os pes enriba da mesa de Bush e ían en contra dos resolucións da ONU, e aos galegos obsequiábanos con chapapote e engano o 11-M. Este é o guía espiritual do PP xunto co señor González que pasou a ser líder espiritual deste partido, e mentres ao señor Feijó lle marcan a axenda e non atopa parella de baile máis alá do señor Abascal que seica espanta aos demais pretendentes. Atrévome a dicir que esta moción non é compartida por moitos dos deputados e deputadas do PP neste pleno, que fala da igualdade de todos os españois, pero o PP téndelle a man a VOX, que non é partidario da igualdade entre persoas, especialmente coas mulleres e cos inmigrantes. Eu recoñezo que mudaría puntos da Constitución de 1978, pero outros os apoiariamos dende o BNG totalmente: artigo 27, dereito á educación universal, artigo 35, dereito a un traballo digno, artigo 47, dereito

a unha vivenda digna, estes e outros mesmos. Non vemos ao PP moi preocupado porque estes se cumpran. E que dicir do artigo 56.3 que lle confire a El Rei impunidad total. Que lles parece se metemos un punto na moción para derrogar este artigo. Nós somos nacionalistas galegos, e estamos seguros en que o poder político canto máis cerca estea dun pobo mellor, e moito mellor na Galiza que en Madrid. Non precisamos de independizarnos, pero si de mudar o taboleiro do xogo. Que tal si en vez de falar de Cataluña falamos de que desde o ano 2009, coa chegada do agora emigrado señor Feijóo ao goberno galego, se teñen “volatilizado” trescentos mil galegos e galegas, polo que debemos falar disto, e da crise industrial do noso país, e das listas de agarda infinitas na sanidade, da non construción nos últimos anos dunha soa residencia pública para maiores, ou da ausencia total de transferencias competencias para o noso país. Pensan que nos xestionan mellor en Madrid ou o goberno galego considérase incompetente? Saben onde pagan os impostos as empresas que explotan os nosos recursos naturais? Si, en Madrid. E agora pregúntenme porqué son nacionalista galego, porque non quero para min nin para o resto de galegos que se pague máis pola electricidade aquí que en Madrid. Apoian vostedes que unha cidade como Madrid reciba máis cartos por habitante que un veciño de Allariz ou de Taboadela ou Boborás. E despois falen de igualdade.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que ía pedir que se retirase esta moción por parte do PP, e que el é escéptico co feito de que os tempos ían mudar nesta casa, e que xa quedou demostrado que non vai ser así. Non se pode dicir que chegamos a consensos e logo aquí nos pasamos os consensos polo forro, e si queda claro que o espírito maioritario dunha votación queda claro, nese momento o que hai que facer é deixar esa cuestión enriba da mesa, porque lle pode pasar a calquera grupo, incluído o PP, e que temos un regulamento que permite a votación a distancia en varios supostos, e algunha moción de hoxe tería un resultado seguramente diferente na votación. Indica que desde que se aprobou a Constitución de 1978 España non se rompeu, como leva anunciando o PP todos estes anos. O PSOE sempre estivo dentro da Constitución e no seu cumprimento, polo que esta moción non ten ningún sentido e menos nesta casa, ocultando a incapacidade do señor Feijóo para formar goberno. Ademais lembra que estamos cun goberno en funcións, con capacidade de adoptar acordos moi limitada, polo que as propostas de acordo da moción son unha barbaridade xurídica e política. Lembra que o señor Aznar indultou a quince terroristas de Terra LLiure e tentou chegar a acordos coa organización terrorista ETA. Quizás por iso a voceira do PP pasou moi por riba da exposición de motivos. Engade que traer unha moción na que se fala de igualdade entre españois a esta casa é sorprendente, e pregunta se os cidadáns de Ribadavia cun goberno do PSOE non eran iguais que os que contaban cun goberno do PP. Este tipo de

mocións, se queremos non entrar neste tipo de debates, non se deben traer, se non queremos buscar confrontacións, e lembra que no pasado mandato as mocións do PP nunca foron propositivas senón para atacar ao Goberno do Estado, e que o PSOE nunca trouxo ningunha iniciativa en contra da igualdade entre os españois. Remata pedindo a retirada desta moción.

- 2ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): Nesta quenda sinala en primeiro lugar respecto ao voto telemático que este debe cumprir unha serie de requisitos, entre eles estar dentro do Estado español. Engade que non van retirar a moción, e que sempre tentan chegar a acordos e con ton conciliador, pero asumen as consecuencias de defender o que consideran inxusto para o país, e en particular para ourensáns e galegos, xa que hai unha minoría no Estado que está condicionando claramente as negociacións. Non podemos condicionar un goberno por un ou dous partidos minoritarios que unicamente atenden aos seus propios intereses, polo que consideramos que debemos reflexionar, e que aqueles que non cumpren a lei non deben ser os que marquen o ritmo dos outros.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que se van abster nesta moción, e que a súa postura sempre é esta cando se trata de asuntos que exceden este foro, e cun claro compoñente ideolóxico. Parece que de motu propio queremos agora debater asuntos que non incumben a esta deputación provincial, polo que esta moción xa non había que traela, como moitas outras doutros grupos que non son deste ámbito.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda sinala que ao final é unha moción claramente política, e que é lícito que o PP a traia, e os demais poidamos discrepar. Pasan cousas que están na constitución pero non nos gustan, e é por exemplo que estamos nun réxime parlamentario, onde o presidente do Goberno se elixe por maioría de deputados, non de votos. Lembra que os deputados dos partidos nacionalistas valen menos que os outros, e que o deputado do BNG en Madrid necesitou o maior número de votos, e que estas son as regras do xogo que temos. Que máis quixera que os cidadáns do mundo foramos todos iguais, pero a partir de aí entra o ámbito da negociación política, e lembra que cando ao PP lle ía ben cando negociaba co nacionalismo catalán e vasco, e agora rachámonos as vestiduras porque se poida falar no Parlamento o catalán, o euskera ou o galego, indicando que é importante visibilizar a diversidade e pluralidade do país. O que non vale é dicir que hai que repetir as eleccións porque a un non lles gusta o resultado que saíu das votacións, e agora trátase de que con estes resultados, se poña de acordo a maioría do Parlamento español. Remata indicando que ogallá sexamos capaces de chagar a acordos amplos para todo o Estado español, comezando polo noso país, por Galiza.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Dixo a voceira do PP que igual era o íntre de mudar que a axenda a marquen os partidos minoritarios, polo que lle pregunta se o que quixo dicir é que os cidadáns non saben votar, lembrándolle que o PP mantivo o goberno nesta Deputación o pasado mandato co apoio dunha tráfuga, o cal é moito peor. Repite que o PSOE sempre se moveu nos marcos na Constitución Española, e que esta non é inamovible, e somos un estado plurinacional e con moitas sensibilidades. O PP ten un problema de credibilidade, que lles levou a pensar que ían gañar as eleccións de calle, e agora non son capaces de formar goberno, polo que agora deben deixar intentar a outros partidos conformar un goberno progresista. Lembra que no goberno de Mariano Rajoy o PSOE sempre estivo do lado do goberno, insistindo novamente en que para formar gobernos, se trata de chegar a acordos, e que isto é precisamente a democracia. Hai que ter rigor, porque senón se ven as contradicións, poñendo como exemplo o goberno de Xinzo de Limia, onde o PSOE foi a lista máis votada, pero non goberna por acordo dos restantes partidos. Todo se ten que mover dentro do marco da Constitución e ninguén pode impoñer nada, e o PSOE non vai aceptar chantaxes, lembrando que nas derradeiras eleccións en Cataluña o PSOE tivo un millón e trescentos mil votos, polo que hai que chegar a acordos políticos, e que por riba da política, está a lei para garantir o seu cumprimento.

- quenda de peche Ana Patricia Torres (grupo do PP): Repite que o seu grupo está totalmente lexitimado para traer esta moción, e que lembra que o goberno progresista é o responsable de que moita xente hoxe o estea pasando moi mal. Remata preguntando se están a favor de condonarlle a débeda a Cataluña e non ao resto de CCAA, xerando unha clara desigualdade entre españois. Remata dando as grazas polo debate dentro do respecto.

- A Presidencia toma a palabra para sinalar que se pode debater de todo e se permitiu exceso de tempo a todos os deputados e deputadas, e que a moción non se pode cualificar como se fixo nas comisións como “bochornosa”, lembrando que o PP non ten ningún problema de credibilidade territorial, xa que goberna en catorce CCAA.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), a abstención de DO (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecer que España é unha nación de cidadáns libres e iguais en dereitos e obrigacións.

SEGUNDO.- Rexeitar calquera proxecto que trate de romper a igualdade ou de recoñecer privilexios a cidadáns ou territorios en calquera parte de España e que atinxe ao disposto pola Constitución española.

TERCEIRO.- Propoñer un gran acordo nacional que afronte os principais desafíos que temos: a rexeneración institucional, o estado de benestar, os fundamentos da nosa economía, un pacto polas familias, un pacto pola auga e un pacto territorial.

CUARTO.- Urxirlle ao Goberno a que propoña un modelo de financiamento Autonómico que garanta os principios de igualdade e solidariedade e que sexa froito do acordo entre todos. Rexeitar calquera privilexio unilateral á marxe do acordo entre todas as CCAA.

QUINTO.- Reclamarlle ao Goberno que garanta un marco de financiamento de concellos, deputacións e cabidos baseado na suficiencia, a solidariedade e a equidade.

SEXTO.- Darlles traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e Ministerio de Traballo e Economía Social, ao Ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así como á Xunta de Goberno da FEMP.

13°.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

14°.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno das relacións de decretos dos meses de abril, maio, xuño, xullo e agosto de 2023.

Os membros da Corporación quedan informados.

15°.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O Sr. presidente informa que hai presentados dous rogos do Grupo Socialista, relativos, o primeiro deles, á modificación e adaptación dos horarios de chegada da liña de autobuses interurbanos XG605 entre Ourense Estación Intermodal e a Urbanización Veiga de Abaixo de

Pereiro de Aguiar, axustándoos cos horarios da liña de Renfe de Avant cara Santiago de Compostela e A Coruña. Anuncia que trasladará ese rogo a Transportes.

O outro rogo é relativo a que por parte da Deputación Provincial, como titular da estrada OU-1112, se estude e se implante a solución máis efectiva para evitar riscos na seguridade viaria, tanto para os peóns como para os vehículos, mediante a colocación de bandas reductoras, paso de peóns elevado, e a prolongación de beirarrúa na marxe esquerda ata o cemiterio. O Sr. presidente manifesta que xa trasladaron esa petición e están pendentes do informe correspondente.

En canto ao rogo do BNG, que di que tal e como este grupo ten solicitado en plenos previos e mesmo o anterior presidente se ten manifestado en anteriores ocasións, a Deputación lle solicite á TVG a realización de desconexións territoriais, manifesta que será trasladada esa petición.

Seguidamente dá conta das preguntas presentadas por escrito, comezando pola pregunta presentada por Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, sobre o “*Plan de Sustentabilidade Turística Ourense coge velocidade, Villas Históricas y Termas*”. ¿Cales son as actuacións que se fixeron ou se van facer con este orzamento? ¿En que fase de execución se atopa este plan?

Para responder a estas preguntas, o Sr. presidente dá lectura ao informe da xerente do INORDE, que é a responsable do proxecto, co seguinte contido: o denominado “Plan de Sustentabilidade Turística, Ourense colle velocidade. Vilas Históricas e Termas” foi presentado á convocatoria extraordinaria correspondente ao exercicio 2023 de Plans de Sostibilidade Turística, e o ámbito de intervención foi elixido segundo a temática do Plan Territorial da Comunidade Autónoma, que se centraba en vilas termas e casos históricos. O proxecto presentado para a consecución da dita subvención está estruturado conforme cos catro eixos da convocatoria. Por unha banda a “Transición Verde e Sostible”, no que se inclúen actuacións como a adecuación de sendeiros termas e o impulso á creación de ecoaloxamentos. Outros dos eixos é a “Mellora da Eficiencia Enerxética” no cal incluimos a descarbonización en cascos históricos. O terceiro dos eixos sería a “Transición Dixital” no que están previstas actuacións como a sinalización intelixente e accesible en cascos históricos e, o último dos eixos sería o de “Actuacións no ámbito da competitividade” no que están incluídas melloras en equipamentos públicos. A área de intervención corresponde cos municipios adheridos á rede provincial de vilas termas e aos concellos con cascos antigos declarados como Conxunto Histórico-Artístico. Forman parte da mencionada rede A Arnoia, Boborás, Cenlle, Cortegada, Leiro, O Carballiño, Ribadavia, Bande, Lobios, Muíños, Baños de Molgas, Monterrei, Verín, Punxín, e Castrelo de Miño e, por

outra banda, tendo en conta o requisito de casco histórico declarado Conxunto Histórico-Artístico, os concellos de Castro Caldelas e Allariz (ademais de Ribadavia e Pazos de Arenteiro en Boborás). Por outra banda, informar que o prazo de execución previsto na convocatoria é 2024-2026 polo que a día de hoxe non existen actuacións iniciadas, estando previsto que ao longo de 2023 se formalice coa Deputación de Ourense o convenio correspondente.

A continuación dá conta das seguintes preguntas formuladas por Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, relativas ao marco proxecto para campos de fútbol para Lobios, Amoeiro, A Pobra de Trives, Toén, Viana do Bolo e Cartelle: ¿Segue vixente este convenio e polo tanto a realización deste macro proxecto dos novos campos de fútbol nas localidades xa citadas? ¿A partida orzamentaria da Deputación aprobada na modificación de crédito segue dispoñible? ¿Cal é a partida orzamentaria que puxo a disposición para este convenio a Xunta de Galicia? ¿Esta achega económica da Xunta de Galicia segue dispoñible para este convenio ou empregouse noutros proxectos?

O Sr. presidente responde que logo do cambio de goberno na Deputación Provincial de Ourense no mes de xullo tivo coñecemento deste borrador de convenio coa Xunta de Galicia. A día de hoxe non ten novidades, coñece o que pon o borrador do convenio. A para orzamentaria da Deputación si segue dispoñible ata o 31 de decembro.

Seguidamente dá conta de preguntas formuladas polo BNG en relación con que o pasado domingo, 17 de setembro, se celebrou a terceira edición do festivas “Espírito Ribeiro”, festival proposta dos concellos de Castrelo de Miño, Cenlle e A Arnoia. Porén este ano nunha localización diferente por mor da choiva, segundo informaba a prensa, celebrándose no recinto de Expourense.

A primeira é ¿a canto ascenderon os custos da realización deste festival este ano)? O Sr. presidente responde que a Deputación de Ourense só participa deste festival como patrocinador e non como organizador, polo que os custos finais non os coñece. A Deputación colabora con 15.000 euros.

A segunda pregunta ¿non existía ningún espazo axeitado na comarca do Ribeiro para acoller o festival propio da comarca? O Sr. presidente responde que se trata dunha decisión que tomaron desde a organización do festival debido aos avisos meteorolóxicos que se daban nesas datas. Estabamos ante avisos dunha dana de gran intensidade. Como dixo antes, neste festival a Deputación toma parte como colaborador, non como organizador.

O Sr. Varela López, do BNG, manifesta que, habitualmente, os deputados e deputadas son os que len as preguntas que presentan.

O Sr. presidente manifesta que así será nos vindeiros plenos.

O Sr. Varela López, do BNG, pregunta en que estado se atopa a Comisión Provincial de Patrimonio que se formou a finais do anterior mandato e se ten avanzado nalgún dos seus puntos.

O Sr. presidente toma nota de pregunta e contestaralla en canto dispoña da resposta.

O Sr. Gómez Pérez, do Grupo Socialista, lembra que o convenio para os campos de fútbol foi a través dunha modificación de créditos que non se pode prorrogar, polo que pide axilidade nese tema para non perder os cartos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<https://depourense.seneca.tv:443/s/JMRX3YpRGUwOzRXjo8aEbrT6Bb4n11bYsoPXbzUc8RPUARAw.wmv>

SHA512 - 53839c996ecfbafaf185cf5684abfac8b8d0022593359f948f32497eb8c992241d14fcc8299511fd517a2dcd4ace746fcab9bbd297235a196bd6ddd302a7fe80

E, ás 14.17 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.